



SESIÓN ORDINARIA DE DOCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. M^a del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **doce de decembro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en segunda convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	1/182



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día un de decembro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS E MATERIAL SANITARIO VETERINARIO E OUTROS PRODUTOS DE USO VETERINARIO PARA A XESTIÓN SANITARIA DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 30 de novembro de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes:*

- 1.- Memoria xustificativa e providencia de inicio de expediente de contratación. CSV IV7PTSRK2ANYUT4SCIEC6TT6EY¹.
- 2.-Prego de prescricións técnicas. Lote 1 CSV IV7P4ICONFGJKWJMVXXD43SPKI. Lote 2 CSV IV7P4ICODD5PXHNICZQC632H6U.
- 3.- Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV IV7P4X3IPMG63WET23VQIARXKY.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7P4IA3L4557GMDCFVBGN7E7Y.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7P4PZCOH6NQWX3AJANIQQPH4.
- 6.- Informe de fiscalización/intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7P62I4OBMLRFPIWB7H4A2BOU.
- 7.- Proposta de Presidencia, con CSV IV7P6YJNH5MP2SGLSNWMKYHCOA.
- 8.- Acordo da Xunta de Goberno de data 22 de setembro do 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	2/182





prescripciones técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7P6KX4NQEN7TV6QEQRO5SSMA.

9.- Acta da Mesa de Contratación do día 20 de outubro de 2023, con CSV IV7P3SD5J547ZGNJZQCCOUZCGY que acordou o seguinte:

(...) “a Mesa de contratación, acorda elevar ao Órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

Nº ORDE	LOTE 1 - LICITADORES
1	IVÁN EXPÓSITO GONZÁLEZ
2	JUAN EXPÓSITO SORDO
Nº ORDE	LOTE 2 - LICITADORES
1	IVÁN EXPÓSITO GONZÁLEZ
2	JUAN EXPÓSITO SORDO

2º.- Requerir á empresa Iván Expósito González en ambos lotes para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acrediten a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

EMPRESA - LOTE 1	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN, SEN IVE	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
IVÁN EXPÓSITO GONZÁLEZ	27.753,27	1.387,66

EMPRESA - LOTE 2	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN, SEN IVE	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
IVÁN EXPÓSITO GONZÁLEZ	14.870,55	743,53

10.- Resolución de Presidencia de 25 de outubro de 2023 de clasificación e requirimento de documentación con CSV IV7PE2ZZDB7ZKXRPSDWSGRQ7ME.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	3/182



11.-Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 31 de outubro de 2023 con CSV IV7PEPC4F4GC37BY2Y7NMLRQ4A.

12.-Documentación presentada pola empresa Iván Expósito González través da plataforma de contratación do sector público o día 15 de novembro de 2023.

13.- Acta da Mesa de Contratación do día 20 de novembro de 2023, con CSV IV7WUD24DUMMXBFNUZUDMB3CAE que acordou o seguinte:

(...)”A licitadora presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo a documentación correcta agás a presentada para acreditar a solvencia técnica resultando ser insuficiente por non alcanzar os importes de 19.427,29 € para o Lote 1 e de 10.409,39 € para o Lote 2.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Requirir a Iván Expósito González para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Lote 1: Solvencia técnica ou profesional. Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos realizados, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio do contrato: 19.427,29 euros.

Lote 2: Solvencia técnica ou profesional. Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos realizados, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	4/182





Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio do contrato: 10.409,39 euros.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 30 de novembro de 2023, aos efectos de examinar a subsanación da documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente certificado de alta en IAE, certificado da Recadación Provincial, certificados de estar ao corrente coa facenda pública (AEAT) e a seguridade social e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á Iván Expósito González a contratación do Lote 1: Subministración de medicamentos veterinarios do contrato de subministración de medicamentos e material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000054, polo importe máximo de 27.753,27 € ao que se aplicará un IVE do 10%, 2.775,33 €, o que fai un total de 30.528,60 € comprometéndose a unha porcentaxe de desconto do 7% sobre os prezos unitarios contidos no Anexo I do prego de prescricións técnicas do Lote 1.

2º.- Adxudicar á Iván Expósito González a contratación do Lote 2: Subministración material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario da

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	5/182



subministración de medicamentos e material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000054, polo importe máximo de 14.870,55 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 3.122,82 €, o que fai un total de 17.993,37 € comprometéndose a unha porcentaxe de desconto do 7% sobre os prezos unitarios contidos no Anexo I do prego de prescricións técnicas do Lote 2.

3º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á Iván Expósito González a contratación do Lote 1: Subministración de medicamentos veterinarios do contrato de subministración de medicamentos e material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000054, polo importe máximo de 27.753,27 € ao que se aplicará un IVE do 10%, 2.775,33 €, o que fai un total de 30.528,60 € comprometéndose a unha porcentaxe de desconto do 7% sobre os prezos unitarios contidos no Anexo I do prego de prescricións técnicas do Lote 1.

2º.- Adxudicar á Iván Expósito González a contratación do Lote 2: Subministración material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario da subministración de medicamentos e material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000054, polo importe máximo de 14.870,55 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 3.122,82 €, o que fai un total de 17.993,37 € comprometéndose a unha porcentaxe de desconto do 7% sobre os prezos unitarios contidos no Anexo I do prego de prescricións técnicas do Lote 2, coa seguinte distribución por anualidades:

LOTE	APLICACIÓN	2024 (sen IVE 10/21%)	AD/24	TOTAL (IVE ENGADIDO)
Lote 1 - Medicamentos veterinarios	4120.22106	27.753,27	920239/532	30.528,60
Lote 2 - Subministración de material sanitario veterinario e de outros produtos de uso veterinario	4120.22106	14.870,55	920239/533	17.993,37
TOTAIS		42.623,82		48.521,96

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	6/182	



A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

O gasto financiarase con cargo á anualidade 2024. Para a devantita anualidade informamos que figura crédito dispoñible adecuado e suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno o 28 de novembro de 2023.

3º.- A duración deste contrato é de un (1) ano, coa posibilidade de tres (3) prórrogas de un ano, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda dos catro (4) anos. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CORRECCIÓN DE ERRO NA LICITACIÓN DA OBRA MONFORTE DE LEMOS - BÓVEDA.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME LU-P-0901 "RIBAS PEQUENAS (LU-652) - ASPERA (LU-546) - FIOLEDA - O EMPALME (LU-617)", P.K. 8+319 A 10+709.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	7/182



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento relativo a corrección de erro na documentación relativa á licitación da obra MONFORTE DE LEMOS – BÓVEDA.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-0901 “Ribas Pequeñas (LU-652) – Aspera (LU-546) – Fiolleda – O Empalme (LU-617)”, P.K. 8+319 a 10+709

“Visto o expediente relativo á licitación da obra indicada, infórmase o seguinte:

Primeiro.- Polo Servizo de Contratación elaborouse prego de cláusulas administrativas, informe e proposta para a licitación da obra indicada así como a información pública do proxecto e a publicación na Plataforma de Contratos do Estado, nos que ademais da denominación da obra indicase tamén os puntos quilométricos aos que fai referencia a actuacións, indicándose nos mesmos:

“MONFORTE DE LEMOS – BÓVEDA.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-0901 “Ribas Pequeñas (LU-652) – Aspera (LU-546) – Fiolleda – O Empalme (LU-617)”, P.K. 5+319 a 10+709”.

Segundo.- Revisase o expediente, unha vez detectado erro, ao non coincidir os puntos quilométricos co proxecto remitido polo Servizo de Vías e Obras, polo que procede corrixir o mesmo.

Terceiro.- No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ao igual que o derogado artigo 105.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común), dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Cuarto.- En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenzas 218/1999, do 29 de novembro, e 69/200, do 13 de Marzo) e do Tribunal Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte: “los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	8/182	



Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa”.

A maior abastanza pódese citar tamén algún pronunciamento do Consello de Estado, que en dictamen núm. 43.184 de 11 de xuño de 1981, sostuvo que “Cuando la Ley de Procedimiento Administrativo dispone que en cualquier momento podrá la Administración rectificar los errores materiales o de hecho y los aritméticos, se está refiriendo a los que la doctrina, desde Savigny, denomina “errores obstativos”, que se producen siempre que una declaración de voluntad no coincide con el sentido exacto de la voluntad misma que se quiso expresar. Son errores de expresión, equivocaciones gramaticales o de cálculo, tales como el lapsus, la errata, el nombre equivocado, la omisión involuntaria, el error en la suma de cantidades, etc. Únicamente este tipo de errores y no los que vienen de la voluntad (in re, in persona, in causa) son los que pueden rectificarse en cualquier momento. Porque no se trata de anular ningún acto o resolución, sino de reconducirlo a los propios términos en que debió ser pronunciado”

Argumentos todos eles, coherentes coa corrección que se pretende realizar, co obxecto de reconducir o contido do informe, proposta e acordo da Xunta de Goberno, nos termos nos que debeu ser pronunciado, posto que é evidente e resulta do expediente que se trata dun erro ao momento transcribir os puntos quilométricos.

A vista do anterior, Informase favorablemente a corrección do erro, do xeito que no Prego de Clausulas administrativas, Informe do Servizo de Contratación, Proposta e Acordo da Xunta de Goberno de data 17/11/2023, así como na información pública e na publicación na Plataforma de Contratos, onde se indica:

“MONFORTE DE LEMOS – BÓVEDA.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-0901 “Ribas Pequenas (LU-652) – Aspera (LU-546) – Fiolleda – O Empalme (LU-617)”, P.K. 5+319 a 10+709”.

De acordo co proxecto remitido, debería dicirse:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	9/182



“MONFORTE DE LEMOS – BÓVEDA.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-0901 “Ribas Pequeñas (LU-652) – Aspera (LU-546) – Fiolleda – O Empalme (LU-617)”, P.K. 8+319 a 10+709”

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, propónse que pola Presidencia, se adopte a seguinte Resolución:

1º.- Aprobación da corrección de erro referenciada, de tal xeito que:

Onde se indica:

“MONFORTE DE LEMOS – BÓVEDA.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-0901 “Ribas Pequeñas (LU-652) – Aspera (LU-546) – Fiolleda – O Empalme (LU-617)”, P.K. 5+319 a 10+709”

De acordo co proxecto remitido, debería dicirse:

“MONFORTE DE LEMOS – BÓVEDA.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-0901 “Ribas Pequeñas (LU-652) – Aspera (LU-546) – Fiolleda – O Empalme (LU-617)”, P.K. 8+319 a 10+709”.

2º.- Determinar que na documentación elaborada e publicacións efectuadas con indicación do punto quilométrico erróneo, deba entenderse referidos aos puntos quilométricos correctos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE DIVERSOS PROXECTOS DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Castro de Rei, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	10/182





“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Castro de Rei no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/03/2023, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTRO DE REI	51	OBRAS DE MODIFICACIÓNS NA RESIDENCIA DE MAIORES SAN XOAN DE CASTRO DE REI, INCLÍDO HONORARIOS	--	36.098,51€	36.098,51€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.
5. A Alcaldía do Concello de Castro de Rei a través de escrito de data 28/11/2021 solicita:
 - a) A modificación/ substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, concretamente o investimento nº 51, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... obras distintas na citada instalación as previstas no proxecto.... polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTRO DE REI	51	PROXECTO MODIFICADO DE MODIFICACIÓNS NA RESIDENCIA DE MAIORES SAN XOAN DE CASTRO DE REI, INCLÍDO HONORARIOS	3.795,76€	36.098,51€	39.894,27€

6. A base 14, indica que “se por circunstancia sobrevida e/ ou motivos xustificadas, o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no PUC, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	11/182



investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/ substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2023, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello de Castro de Rei que se sinala, quedando incluído no plan Único 2023.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Castro de Rei, e en consecuencia, aprobar a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTRO DE REI	51	PROXECTO MODIFICADO DE MODIFICACIÓNS NA RESIDENCIA DE MAIORES SAN XOAN DE CASTRO DE REI, INCLÍDO HONORARIOS	3.795,76€	36.098,51€	39.894,27€

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	12/182	



2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN CONTRACTUAL DA OBRA: POBRA DO BROLLÓN.- CONSTRUCCIÓN DE CENTRO RESIDENCIAL DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Son antecedentes inmediatos ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes feitos e documentos:

Con data de 17 de outubro de 2023 concluída a tramitación da licitación, formalizouse contrato administrativo para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón coa entidade Construcciones Alea SL.

O contratista foi citado o día 23 de outubro para a comprobación do replanteo dito acto se celebrou o 17 de novembro de 2023 mediando incomparecencia do adxudicatario e deixando constancia de dito extremo na acta desfavorable o detectarse asimesmo que o contratista non ten satisfeitas as súas obrigas contractuais antes do inicio da execución material da obra.

Ate a data non resultou posible o inicio das obras nin consta actividade algunha do contratista tendente a satisfacer as súas obrigas nin a realizar actuación algunha que permita comprobar o replanteo de xeito favorable e con este o inicio da execución material.

Consta Informe da xefa do servizo de arquitectura con CSV: IV7WWTZSPURKJOJZAR65MNZTCQ, reflectindo as circunstancias do acto de comprobación do replanteo e asimesmo con CSV: IV7WUHC2EFKJ37LQQOMCDTBCY no que conclúe:

“Sendo as 12:00 horas do día 17 de novembro do 2023, sen que comparecese ningún representante da empresa adxudicataria e tras comprobar que só se dera cumprimento a obriga de presentar o Plan de Seguridade e Saúde, estando pendente o resto das obrigas que se transcriben neste informe e que lle foron sinaladas no

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	13/182	

escrito recibido pola empresa o 23 de outubro de 2023 dáse por finaliza a reunión sen poder asinar a “acta de comprobación de reformulo” en sentido favorable.”

As condicións da adxudicación que derivan da oferta do adxudicatario e que constan no propio documento de formalización son as seguintes:

- a. Prezo de 2.196.395,82 €, dos cales 199.672,35€ corresponden ao IVE (10%).
- b. Melloras de obra consistentes en instalación de sistema de vídeo vixilancia, coas características indicadas no PCAP.
- c. Aumento do prazo de garantía en 4 anos por enriba do obrigatorio
- d. O contrato terá un prazo de execución de 12 meses contados dende o día seguinte a subscripción da acta de comprobación do reformulo, tendo en conta o prazo indicado no proxecto e a diminución do mesmo expresada na oferta técnica presentada polo adxudicatario, de ser o caso.

Polo tanto, vistos os antecedentes, se pon de manifesto tanto a frustración do contrato por causas imputables ó contratista, mediando o incumprimento da súa oferta e de obrigas esenciais, intimamente relacionadas coa execución e asimesmo do incumprimento contractual derivado da incomparecencia ó acto de comprobación que supón un conxunto de actividade obstrutiva por omisión que frustra de xeito determinante o contrato.

A cláusula 22 do PCAP no seu apartado 2.2 recolle como condición especial con carácter de obriga esencial ós efectos do disposto como causa de resolución no apartado 211.1f o cumprimento da oferta por parte do adxudicatario, o que ten especial relevancia na medida que ditos aspectos da oferta actúan como criterios selectivos, de xeito que a súa inobservancia ou a tolerancia na súa inobservancia desvirtuarían a finalidade da licitación e resultarían contaría ós principios da contratación pública previstos no artigo 1 da LCSP.

Queda evidenciado que non se teñen satisfeito ditas obrigas cando menos no referido no criterio ofertado de sistema de seguimento quedando a execución da inversión comprometida pola absoluta falta de actividade a tal punto que non compareceu a comprobación do replanteo da obra.

Asimesmo queda acreditado que se ten requirido ó contratista de xeito fehaciente tanto requirindo o cumprimento das súas obrigas como citando ó contratista para a comprobación do replanteo (en documento con CSV: IV7PESYTYFZ7QVGTUEYQEL7G64 accesible na sede electrónica) resultando que non se atenden ditos compromisos contractuais nin se compareceu ó acto de replanteo

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	14/182





quedando constancia asimesmo da imposibilidade de comunicar cos representantes da contratista.

Visto o anterior, e que segundo o informado polo servizo de arquitectura o contratista foi requirido de xeito expreso para o inicio da execución e cumprimento das súas obrigas esta administración pode considerar que se está a verificar a como vontade deliberada de incumplir o contrato por parte de Construcciones Alea SL.

Resultan fundamentos xurídicos:

A lei de contratos do sector público LCSP 9/2017, de 8 de novembro.
O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas 1098/2001.
Os pregos de cláusulas administrativos e demais documentos con forza obligacional incorporados ó expediente.

Visto o anterior, compre realizar as seguintes;

Consideracións xurídicas:

I.- Sobre os antecedentes a natureza xurídica da incidencia contractual que supón o actual estado de inexecución da obra.

Como inicio das consideracións do presente, compre recordar que a execución do contrato non se ten iniciado, e que polo tanto se está a frustrar a finalidade e necesidade do mesmo cuxa satisfacción motivou o inicio do expediente.

Compre indicar igualmente e con carácter xeral que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria que o contratista ten aceptado, e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP cando sinala que "as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha..."

Queda advertido por tanto o carácter vinculante do prego como "*lex contractus*", cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista e asimesmo das condicións previstas no proxecto o que ten ofertado sen reservas en plena liberdade para configurar a súa oferta.

Respecto da situación de execución da obra, dos datos obrantes no expediente se deriva a falta de inicio da execución da mesma, aínda que se teñen verificado os

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	15/182



aspectos físicos do replanteo polo resto de implicados no replanteo agás o contratista, operando a inactividade deste como única circunstancia impeditiva do inicio da execución material.

Dacordo co informado pola Xefa do Servizo de Arquitectura, consta acreditado, cando menos que o contratista non ten procedido o cumprimento das obrigas que derivan da súa oferta especialmente en canto o seguimento de imaxes e asimesmo a vontade de non iniciar a obra, non comparecendo á comprobación do replanteo afectando de xeito unilateral o prazo de execución comprometido, o que supón o incumprimento de obrigas contractuais esenciais.

As consecuencias da falta de inicio da execución material do contrato nos termos comprometidos na oferta, e en especial o incumprimento de aspectos avaliábles como criterios de puntuación ofertados voluntariamente polo adxudicatario, recae na singular responsabilidade sobre a do contratista a pesares de ser requirido de xeito expreso para que proceda o cumprimento das súas obrigas.

A verificación do incumprimento dunha obriga esencial, configura esta como causa de resolución resultando deber desta administración, na tutela do interese xeral ó que serve o contrato, tramitar aquela que primeiro se tivera verificado no tempo , que neste caso é a identificada nos parágrafos precedentes.

II.- Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias.

Como consecuencia do anterior, compre relatar que a actividade obstrutiva do contratista se pode identificar coa causa de resolución prevista no artigo 211.1 f cando tipifica “f) o incumprimento da obriga principal do contrato.”

Queda claro que se incumpre a obriga principal por canto se obstrúe e impide o inicio da execución a pesar de ter sido requirido de xeito fehaciente , e que o cumprimento do contrato non pode quedar ó arbitrio de unha das partes que pola súa inactividade impide a execución dun centro de atención a maiores, estando a administración obrigada a reaccionar extinguindo o vinculo contractual con aquel operador económico que impide a consecución do interese xeral ó que serve a obra contratada. Asimesmo polos incumprimentos verificados polo servizo de arquitectura se identifica a inobservancia de obrigas esenciais, así, sinala o prego:

“O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211, letra f en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP.”

Ditos artigos sinalan ó regular as causas de resolución:

Art. 211 f “Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigas esenciais sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos..... ”

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	16/182





Art. 202.3 “Os pregos poderán establecer penalidades, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 192, para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou atribuírlles o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados na letra f) do artigo 211....”.

Apreciase, na opinión deste informante, que por parte do contratista se teñen incumplido a obriga principal e as obrigas esenciais e polo tanto que as mesmas constitúen en si, e con carácter inicial, causas de resolución do contrato baseándose no fundamento xurídico descrito no artigo 211.1 f na dobre vertente:

1. De incumplir a obriga principal do contrato

2. De incumplir a súa oferta respecto do sistema de seguimento

Asimesmo e sen prexuízo do resto de incumprimentos detectados polo servizo de arquitectura se verifica un incumprimento contractual adicional dacordo co establecido no art. 139 do RXCAP 1098/2001 cando sinala:

“1.^a Se o contratista non acudise , sen causa xustificada, ao acto de comprobación do reformulo a súa ausencia considerárase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos na Lei”.

Non obstante, e sen prexuízo da súa relevancia no conxunto de actividade obstrutiva do contratista, a identificación das condutas omisivas perfectamente encaixables no artigo 211,1 f permite incoar o expediente de resolución, como reacción xurídica lóxica do órgano de contratación fronte a quen tendo licitado e resultado adxudicatario e formalizado o contrato, obstaculiza a execución do mesmo impedindo que alcance o seu fin en prexuízo da administración e do resto de licitadores.

Todo isto sen prexuízo da avaliación das alegacións do contratista e demais interesados con pleno respecto ó principio de contradición, por canto poidan enervar a concorrencia de ditos incumprimentos.

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade que supón que se frustre o contrato como consecuencia dos incumprimentos de quen foi seleccionado con base na súa solvencia e por mor da súa oferta para a execución do contrato, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería os seguintes efectos a aplicar á entidade Construcciones Alea S.L.:

1. Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25 , art. 110 d, 213.3 da LCSP.

2. Indemnización por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada, entre cuxas partidas se podería ter en conta a diferenza entre o importe da adxudicación, e aquel que finalmente resulte dunha nova adxudicación ó verse obrigada a administración a licitar novamente a execución da dita obra. (prego cláusula 25, art. 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001).

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	17/182



3. Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado. (art. 19.1 do RXCAP).

III.- Sobre o procedemento a seguir.

A teor do disposto no art. no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001 cabe o inicio de oficio de dito expediente baixo os seguintes requisitos:

- a) Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais
- b) Audiencia no mesmo prazo, do avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía.
- c) Informe do Servicio xurídico, trámite que se esta a cumprimentar co presente requirindo o preceptivo sometemento ó conforme da secretaría municipal, ou emisión por esta do informe que estime procedente, e sen prexuízo da fiscalización pola intervención, cando proceda (ou emisión de nota de conformidade).
- d) Ditame do Consello Consultivo, cando se formule oposición por parte do contratista.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

IV.- Sobre o órgano competente.

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño ó Órgano de Contratación que adopte acordo nos seguintes termos:

1º.- Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de obras a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón adxudicado á entidade Construcciones Alea SL polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer incumprimentos, imputables ó contratista ó abeiro dá documentación obrante no expediente, resultando os mesmos o incumprimento de da

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	18/182





obriga principal, e de xeito conexo de obrigas esenciais, que o prego e a LCSP configura como causa de resolución contractual dacordo co establecido no artigo 211.1 f da dita norma.

2º.- Dar trámite de audiencia a Construcciones Alea SL, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días naturais na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

3º.- Finalizado o expediente de resolución iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contraditorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumplimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

4º.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra o acordo de iniciación da resolución contractual e os acordos que de esta se derivan , con carácter de trámite, non cabe a interposición de recurso algún, sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.

5º.- Dar traslado ó Servizo de Arquitectura, o Servizo de Contratación e Fomento e a Intervención Provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais. Anualidade 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: informe favorable.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	19/182



En relación ao asunto de referencia (EXP 2023/XEN_01/003254) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emíttese o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

Primeiro.- Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural e que todos os concellos de Galicia, están declarados de alto ou medio risco de incendio. Os GES complementan a atención das emerxencias e extinción e prevención de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e comarcais, de forma que cobren zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal.

Segundo.- A Deputación Provincial de Lugo, veu colaborando dende o no 2013 coa Xunta de Galicia, a FEGAMP, as Deputacións Provinciais de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e diversos Concellos da Provincia de Lugo no financiamento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias de Galicia.

Fundamentos xurídico-administrativos.

Lexislación de réxime local.

Primeiro.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden."

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	20/182	



No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segundo.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceiro.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	21/182



Cuarto.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as competencias das entidades locais poden establecerse pola lexislación básica de réxime local, pola normativa autonómica sobre réxime local e tamén polas normas sectoriais tanto estatais como autonómicas; entre estas últimas claramente a Lexislación de emerxencias de Galicia.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeiro.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segundo.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	22/182





organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

1. Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
2. A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
3. O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
4. Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	23/182



5. Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
 6. Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
 7. Réxime de modificación do convenio.
 8. Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
 1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
 2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
- (...)"

Quinto.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- "1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

Sexto.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	24/182





A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeiro.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: "Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública..." e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segundo.- Pola súa banda, o artigo 25.2,f da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local dispón que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de "policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios"

E segundo o seu artigo 26.1 e), nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes (deberán prestar) ademais: protección civil (...), prevención e extinción de incendios (...)

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	25/182



O artigo 80.2, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, dispón que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:

a) A seguridade en lugares públicos, b) A ordenación de tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, e) A protección civil e a prevención e extinción de incendios.

A lexislación sectorial, nomeadamente a Lei de emerxencias de Galicia (lei 5/2007, de 7 de maio) no seu artigo 10, letra e), dispón que corresponde aos municipios e entidades locais supralocais, no seu caso, a prestación dos servizos de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte, coas previsións do artigo 333.1 da Lei de Administración Local de Galicia (sobre dotación de recursos financeiros aos Concellos para o cumprimento dos fins confiados).

En relación coas provincias, o artigo 26, apartado e) da sinalada Lei Galega de Emerxencias, sinala que corresponden aos seus órganos de goberno garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e salvamento, naqueles concellos que non contén con servizos propios, por non resultar obrigados ou ter obtido dispensa dos mesmos.

En canto aos concellos, no artigo 27 da Lei de emerxencias, establécese que sen prexuízo da competencia xeral en materia de protección civil e xestión de emerxencias que o artigo 10, atribúe a todos os municipios, corresponden aos concellos de máis de 20.000 habitantes, entre outras, crear o servizo municipal de protección civil e xestión de emerxencias, e crear os servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento.

En todo caso e consonte ao parágrafo 2º dese artigo 27 da Lei de emerxencias de Galicia "" A persoa titular da alcaldía é a autoridade municipal superior de protección civil e xestión de emerxencias.""

No convenio analizado e para a Provincia de Lugo, os Concellos non acadan a cifra de 20.000 habitantes, pero teñen obrigas en protección civil e xestión de emerxencias, de aí o carácter supramunicipal dos GES e o deseño desta acción colaborativa.

Terceiro.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

Cuarto.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	26/182





Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinto.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexto.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Sétimo.- Consta informe de intervención de existencia de crédito por importe de 640.000,00 € como gasto anticipado con cargo á aplicación orzamentaria 1361.46200 do orzamento do ano 2024 inicialmente aprobado por acordo plenario de data 28 de novembro de 2023.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	27/182



Oitavo.- Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1. Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e os seus anexos, para a anualidade do 2024, por importe total de 1.567.027,64 € (dos que 640.000 € serán financiados pola Deputación de Lugo) ao que se deberán adherir os concellos sede.

2. Aprobar o gasto anticipado por importe de 640.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 1361.46200 do orzamento do ano 2024, inicialmente aprobado por acordo plenario de data 28 de novembro de 2023, para financiar os gastos en materia de emerxencias e extinción de incendios derivados do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para a anualidade do 2024

3. Establecer que a axuda a satisfacer pola Deputación se destine indistintamente a gastos de persoal e gastos correntes, dado que no borrador do convenio remitido non constan os importes que cada concello ten que destinar especificamente a gastos de persoal e a gastos correntes.

4. Establecer que a documentación a aportar por parte dos concellos sede co obxecto de xustificar a achega recibida pola Deputación concretarase por Resolución de Presidencia, que será notificada aos Concellos Sede.

5.- Establecer que a distribución do financiamento recollida na cláusula oitava do convenio de referencia queda supeditada ao cumprimento do establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria.”

Por todo o exposto no devandito informe e tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	28/182





materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e os seus anexos, para a anualidade do 2024, por importe total de 1.567.027,64 € (dos que 640.000 € serán financiados pola Deputación de Lugo) ao que se deberán adherir os concellos sede, e cuxo contido é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais.

Reunidos.

Pola Xunta de Galicia, Diego Calvo Pouso, vicepresidente segundo e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes, e José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeados polo Decreto 60/2022, de 15 de maio, polo que se nomea aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio de 2022), no exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Deputación Provincial de Lugo, o seu presidente, José Tomé Roca, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), o seu presidente, Alberto Varela Paz, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b) dos seus estatutos.

Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

Expoñen.

Primeiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	29/182



Así mesmo a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes conforme ao disposto no Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, en relación co Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o departamento encargado de xestionar as competencias que en materia de protección civil e emerxencias ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, e máis especificamente a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior encadrada na súa estrutura.

Pola súa parte a Consellería do Medio Rural, conforme ao disposto no Decreto 149/2018, de 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, a través da Subdirección Xeral de Prevención pertencente á Dirección xeral de defensa do Monte.

Segundo.- Á Deputación Provincial de Lugo, como órgano de goberno da provincia, correspóndelle a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia e, en particular, participar na coordinación da administración local coa Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contén con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

Terceiro.- Entre os fins da FEGAMP, de acordo co establecido no artigo 2 dos seus estatutos, figura a representación e defensa das actividades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Con esta finalidade goza da plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus estatutos.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	30/182





Que conforme ao disposto no artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

Cuarto.- Que segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá. E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

Quinto.- Por outra parte, os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado, senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Cómpre pois, un enfoque máis global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen, abarquen todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, se prioricen as zonas clasificadas como de alto risco de incendio forestal. En relación con isto, débese lembrar que todos os concellos de Galicia, segundo a Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados zonas de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiamento con FEADER.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	31/182



Sexto.- As accións en materia de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes son accións previstas pola normativa europea de axuda ao desenvolvemento rural. En concreto están previstas nas seguintes normas:

Regulamento (UE) núm 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm 1083/2006 do Consello.

Regulamento (UE) núm 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm 1698/2005 do Consello.

Regulamento (UE) núm 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agrícola Común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) núm 352/78, núm 165/94, núm 2799/98, núm 814/2000, núm 1290/2005 e núm 485/2008 do Consello.

Regulamento delegado (UE) núm 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) núm 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e que introduce disposicións transitorias.

Regulamento de execución (UE) núm 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Regulamento de execución (UE) núm 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

Regulamento (UE) 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello de 23 de decembro de 2020 polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) nos anos 2021 e 2022, e polo que se

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	32/182





modifican os regulamentos (UE) 1305/2013, (UE)1306/2013 e (UE) 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e a súa aplicación nos anos 2021 e 2022 e o Regulamento (UE) 1308/2013 no que respecta aos recursos e a distribución de dita axuda nos anos 2021 e 2022.

As accións en materia prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes son accións previstas pola normativa europea de axuda ao desenvolvemento rural a través do FEADER, foron incorporadas na submedida 8.3 do PDR Galicia 2014-2020 aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015 e modificado seis veces, a última mediante Decisión de Execución da Comisión C (2021) 4527, do 17 de xuño de 2021.

Sétimo.- Que para dar cumprimento ao manifestado, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo e a FEGAMP acordan apoiar o funcionamento dos grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementarán a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais na provincia de Lugo, de forma que cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal. Os GES participarán tamén en labores de prevención de incendios nos concellos da provincias de Lugo.

Ordinariamente os GES desenvolverán as súas funcións no ámbito de actuación adscrito aos mesmos, e soamente con carácter excepcional e debidamente xustificado, realizarán as súas tarefas fóra do ámbito territorial que lles foi asignado.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería do Medio Rural; a Deputación Provincial de Lugo e a FEGAMP asinan este convenio co fin de simplificar e axilizar as tramitacións administrativas necesarias para alcanzar a colaboración pretendida.

Co novo convenio as achegas económicas totais entre as partes asinantes acadan o 52,5% de financiamento por parte dos departamentos da Xunta de Galicia e o 47,5% das entidades locais, desta parte un 40% procede da Deputación Provincial de Lugo e un 7,5% dos concellos.

De acordo co anteriormente exposto, dado que o acordo de colaboración é de común interese para todas as partes e harmoniza os fins dunhas e doutras, asinan o presente convenio que se rexerá polas seguintes

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto colaborar no desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais como grupos operativos en emerxencias de ámbito

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	33/182



supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias da provincia de Lugo; a participación dos mesmos en tarefas de prevención de incendios e a colaboración na extinción de incendios forestais.

Segunda.- Localización.

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais da provincia de Lugo sitúanse estratexicamente en 8 localidades (dúas delas por definir) que se corresponden con 7 zonas de actuación, que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación.

Os criterios determinantes da distribución dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais foron:

A non existencia de Servizo contra incendios e salvamento, xa sexa comarcal ou municipal.

Poboación atendida, xa que existen zonas de alta concentración de poboación con mala ou nula cobertura actual por parte dos servizos contra incendios e salvamento.

Distribución uniforme.

Preferencia daquelas mancomunidades ou consorcios de concellos con prestación mancomunada no campo da protección civil.

Localizacións en zonas de montaña, con moi mala accesibilidade, onde os dispositivos de Protección Civil teñen tempos de chegada máis alongados.

Localizacións en zonas con riscos potenciais.

Situación estratéxica en canto a vías de comunicación, co fin de axilizar o proceso de despregue e intervención nas emerxencias

A existencia de medios e recursos municipais e estrutura organizativa de emerxencias e con experiencia e recursos humanos con formación en emerxencias.

As sedes e subsedes dos GES establécense no anexo I de este convenio correspondendo a Comisión de Seguimento a proposta de novas sedes no caso de producirse vacantes.

Terceira.- Composición.

Con carácter xeral cada GES estará composto por 12 efectivos. No caso do GES da zona de Quiroga- Terra de Lemos ao estar a base compartida, cada subsele conta con 6 efectivos.

En todos os casos, cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente, que dea cobertura a toda a zona de actuación do grupo conforme ao Anexo I, no que se recolle tamén a súa sede.

Cada GES contará cos medios materiais que se especifican no anexo III.

No tocante á selección, formación e operatividade dos compoñentes destes grupos estarase ao disposto no Anexo VIII.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	34/182	



Cuarta.- Funcións dos grupos de emerxencia supramunicipais.

Os GES poderán exercer as seguintes funcións:

Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.

Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.

Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal de titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.

Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de cortalumes.

Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro

Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntamentos de terra, situacións de seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.

Colaborar e, de ser o caso, intervenir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.

Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.

Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	35/182



Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.

Realizar actividades e, se é o caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicadas nos apartados anteriores.

Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido á tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc, dando el a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.

Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.

Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.

Quinta.- Actuacións dos GES en materia de prevención de incendios forestais.

O abano de actuacións subvencionables que serán obxecto de axuda consonte o PDR do 2014-2020, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015, e modificado seis veces, a última mediante Decisión de Execución da Comisión C (2021) 4527, do 17 de xuño de 2021, encadradas na submedida 8.3 do PDR: medidas preventivas contra incendios forestais, onde se inclúe a redacción de estudos e proxectos relacionados coa necesaria prevención así como prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal pódense agrupar en:

a)- Actuacións de definición das redes de faixas de xestión da biomasa e investigación da propiedade e estado da biomasa (submedida 8.3), que poderá incluír:

Identificación das referencias catastrais ou códigos de parcela SIXPAC das parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa, así como da rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal.

Investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal e redacción de informe de xestión de biomasa consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	36/182





b)- Actuacións de silvicultura preventiva (submedida 8.3): Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos da titularidade municipal ou de propietario descoñecido. Para os efectos deste convenio as actuacións en materia de desbroces limitaranse a:

Vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.

Camiños reais e históricos.

Superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición.

Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.

Os prezos unitarios por actuación e o importe máximo a subvencionar por GES de prevención inclúense no Anexo IV.

As actuacións a realizar deberán planificaranse antes da súa execución, a través dun programa de actuacións preventivas que presentará a entidade local cos contidos recollidos no Anexo V.

Elaborado o programa de actuacións preventivas presentarase para a súa revisión no Distrito Forestal. Dada a natureza preventiva das actuacións contempladas na presente cláusula, farase unha inspección previa á súa iniciación por persoal funcionario da Consellería do Medio Rural para verificar as superficies e a súa viabilidade e emitirase un informe.

De ser favorable o informe emitido, o programa de actuacións preventivas poderá ser aprobado pola Comisión de Seguimento de cada GES. Unha vez que a dita comisión aproba o programa, a entidade local achegará unha comunicación de inicio do mesmo ao Distrito Forestal.

Con carácter xeral deberá terse en conta o disposto no Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes dos GES segundo o reparto do Anexo IV.

O beneficiario deberá cumprir co disposto no punto 2 da parte 1 do anexo III do Regulamento de Execución (UE) 808/2014, da comisión do 17 de xullo polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	37/182



Rural (FEADER), en relación coa información e publicidade, en particular, no caso de investimentos subvencionados cun custo total superior a 50.000 € deberase colocar unha placa explicativa, e cando o custo supere os 500.000 € deberase colocar un panel publicitario. En ambos casos figurará a descrición do proxecto, así como a bandeira europea e o lema Feader: “Europa inviste no rural”. Inclúese no Anexo IV un tipo de actuación para financiar publicidade FEADER.

En todo caso, son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio. En calquera caso estarase ao exposto no artigo 69.3 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que recolle entre os custos non subvencionables a través dos fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE), o Imposto sobre o Valor Engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre o IVE.

Sexta.- Coordinación dos GES.

Os GES dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local polo que foron contratados, e en ningún caso os seus integrantes terán vínculo laboral nin coa Administración xeral da comunidade autónoma nin coa Deputación Provincial.

Segundo as características da emerxencia ou actividade preventiva ou extintiva que realicen, os GES coordinaranse tecnicamente cos servizos contra incendios, cos distritos forestais e/ ou coa Central de atencións ás emerxencias 112-Galicia.

A coordinación ordinaria dos GES corresponde ao concello no que se sitúe a base do grupo, tendo presente sempre o seu carácter supramunicipal.

No caso de actuacións conxuntas en emerxencias de calquera tipo, cos efectivos dos parques de bombeiros comarcais, o mando e coordinación das mesmas, en cumprimento do principio de mando único, corresponde ao xefe da unidade do parque comarcal de bombeiros.

O concello sede aportará unha instalación-base adecuada para a prestación do servizo de emerxencias.

A Central de atención ás emerxencias 112-Galicia, conectará co grupo de emerxencia a través dun sistema remoto de xestión das emerxencias, cargando os programas informáticos no terminal dotado de liña de datos e de voz co que estará equipada a sede.

Sétima.- Financiamento en materia de prevención de incendios forestais.

Os GES participarán en labores de prevención e defensa contra os incendios forestais.

A Consellería do Medio Rural para a realización das actuacións en materia de prevención de incendios forestais achega ao presente convenio trinta e dous mil novecentos setenta e dous euros con trinta e seis céntimos (32.972,36€) para o ano

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	38/182





2024, que serán cofinanciados con fondos FEADER, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0 - 2016 00212, de acordo co especificado no anexo IV. A porcentaxe a subvencionar será do 100% do investimento elixible ou subvencionable, sometida a unha cofinanciación do 75% de fondo FEADER, dun 7,5 % pola Administración Xeral do Estado (AXE) e nun 17,50% pola Xunta de Galicia. Os gastos non elixibles serán soportados polo concello sede do GES. As actuacións e xustificación das mesmas realizarase consonte o Anexo V e VII.

Oitava.- Financiamento dos ges e servizos municipais en materia de emerxencias e extinción de incendios forestais.

1- Os Grupos de emerxencias supramunicipais financiaranse polas seguintes partes asinantes do convenio:

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Medio Rural

A Deputación Provincial de Lugo

As entidades locais que se adhiran a este convenio.

2- A contribución ao financiamento da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de emerxencias para os GES fíxase en:

Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará setenta e oito mil setecentos cincuenta euros (78.750,00€) para o ano 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.141.A.461.1.

3- A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de extinción de incendios, para os GES, fíxase en setecentos vinte e oito mil douscentos setenta e sete euros con sesenta e catro céntimos (728.277,64€) para o ano 2024, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES según o reparto do Anexo II.

4- A contribución ao financiamento por parte dos concellos será efectuada directamente por cada entidade local aos traballadores contratados, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponde, segundo o anexo II ascende a un total de 120.000,00€, no ano 2024.

5- A contribución ao financiamento da Deputación Provincial de Lugo é de seiscentos corenta mil euros (640.000,00 €) no ano 2024. Este financiamento distribuirase da seguinte maneira: un adianto do 50% da achega tras a sinatura do convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	39/182



Novena.- Custo en materia de emerxencias e extinción de incendios.

O custo anual do presente convenio en materia de emerxencias e extinción de incendios é de 1.567.027,64€, no ano 2024 fixándose os custes totais por GES no anexo II.

Décima.- Tramitación.

Respecto da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería, do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Undécima.- Compromisos das partes.

A- Pola Xunta de Galicia, a través de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes e da Consellería do Medio Rural, o compromiso é:

Financiamento: A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes e a do Medio Rural colaborarán no financiamento dos custos que se deriven da operatividade dos GES, cunha achega a ingresar na conta de cada entidade local na que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais.

Dirección e coordinación: ambas consellerías a través dos seus órganos directivos, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Dirección Xeral de Defensa do Monte respectivamente, ostentarán a dirección e coordinación operativas destes grupos cando fora solicitada a súa colaboración en emerxencias ou activación de plans, de competencia dun ou ambos órganos directivos.

B- Pola Deputación Provincial de Lugo

Financiamento: A Deputación Provincial colaborará no financiamento cunha achega a ingresar na conta de cada entidade local na que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais.

C- Pola FEGAMP.

A coordinación do proceso de adhesión por parte dos concellos.

Difusión: a FEGAMP difundirá a actuación entre os concellos e os informará das condicións do convenio e do tipo de gastos que poderá financiar o convenio.

D- Polos Concellos sede dos GES,

Deberán achegar as cantidades consignadas no anexo II.

Deberán achegar unhas instalacións-base axeitadas para a prestación do servizo de emerxencias, permitindo a localización dos recursos humanos e materiais propios do servizo.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	40/182	



Deberán atender de forma permanente as chamadas de emerxencia, de xeito que a non resposta as chamadas de emerxencia de forma continuada dará lugar por parte dos concellos sede, a non percepción da axuda, salvo causa xustificada, e previa audiencia ó concello implicado.

Deberán cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento desta cláusula.

Deberán acreditar a prestación do servizo, mediante os informes ou memorias técnicas emitidas polos responsables dos GES nos concellos sede, coa finalidade de percibir as achegas da Xunta de Galicia e da Deputación.

Comprométense a conservar os medios e recursos de intervención de Galicia. O deterioro non xustificado polo uso que sufran os equipos será responsabilidade do concello.

Dado o carácter supramunicipal dos GES, os concellos incluídos na área de actuación correspondente, segundo o Anexo I, poderán pór a disposición destes os medios materiais de protección civil dos que dispoñan para atender as emerxencias, ou ben cedelos de forma permanente.

Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos fondos percibidos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións.

Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación, tal e como esixe o artigo 66.1.c) do Regulamento (UE) 1305/2013.

Respecto daquelas actuacións financiadas ao abeiro de fondos FEADER o concello informará ao público da axuda obtida presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, en caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación, en proporción ao nivel da axuda, cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión, tal como establece o anexo III do Regulamento de Execución (UE) 808/2014, da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Décimo segunda.- Libramiento de fondos da xunta.

O libramiento dos fondos a cada entidade local na que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais, por parte da Xunta de Galicia, realizarase de conformidade co previsto no Anexo VI e VII.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	41/182



A Dirección Xeral de Defensa do Monte, en materia de extinción de incendios, librará un pagamento anticipado do 100% , logo da solicitude de da entidade local. Este pagamento efectuarase tras a sinatura do convenio con cargo aos fondos propios libres do código de proxecto: 2011.00771.

Décimo terceira.- Libramento de fondos aos beneficiarios finais.

Os beneficiarios finais deste convenio están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral e o Consello de Contas da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como aos controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas con fondos comunitarios.

A participación no presente convenio suporálles aos beneficiarios, o consentimento expreso á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de novembro e decreto 126/2006 do 20 de xullo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados para o mes o fin, poderá dar lugar, se con isto se alterase os obxectivos deste convenio, á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de demora correspondente de acordo co establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo onde os intereses se calcularán en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

Décimo cuarta.- Xurisdición e normativa aplicable.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. Para a interpretación de dúbidas e controversias que xordan na interpretación deste convenio estarase ao disposto nas cláusulas deste e, subsidiariamente, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e aos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	42/182	



Décimo quinta.- Comisión mixta de seguimiento do convenio.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representadas a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, mediante catro representantes, dous da Dirección Xeral de Administración Local e dous da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior; a Consellería do Medio Rural, mediante dous representantes; a Deputación Provincial de Lugo con dous representantes e a Fegamp, con dous representantes.

Son funcións desta comisión de seguimento:

Velar polo cumprimento do convenio.

Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que podan xurdir na aplicación deste convenio.

Fixar aquelas sedes incorporadas ao texto do convenio (Anexo II) naqueles supostos nos que se produzan vacantes, que figuran coma por definir ou cando o respectivo concello non formalice a adhesión final e formal ao convenio.

Adaptar as comunicacións no marco do presente convenio aos medio electrónicos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Esta comisión solicitará ao remate da vixencia do convenio á Federación Galega de Municipios e Provincias un informe técnico correspondente o grao de cumprimento dos obxectivos programados.

Para resolver as cuestións ordinarias que se presenten na execución do presente convenio crearase un grupo de traballo, de carácter técnico, e composición paritaria, ao que lle corresponderá a certificación da efectiva realización das actuacións descritas no convenio, consonte ao presente clausurado e dando cumprimento aos fins establecidos e aquelas outras atribucións que se lle deleguen por acordo expreso da comisión de seguimento. A composición deste grupo será determinada pola comisión mixta de seguimento do convenio.

Décimo sexta.- Vixencia.

O presente Convenio estenderá a súa vixencia desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

Os concellos formalizan a súa adhesión ao presente convenio coa sinatura do correspondente anexo de adhesión.

Este convenio poderá ser obxecto de modificacións ou de prórrogas xustificadas, logo da tramitación da addenda correspondente e seguindo os trámites necesarios para a formalización oportuna.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	43/182



Décimo sétima.- Protección de datos de carácter persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo oitava.- Publicidade.

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo novena.- Base de datos nacional de subvencións.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). No seu caso a BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto para a súa publicación.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data consignada nas sinaturas electrónicas.

Anexo I: Sede, ámbito de actuación e cobertura a nivel provincial dos GES.

SEDE E ÁMBITO DE ACTUACIÓN	
LUGO	
Zona	Sede/s
Zona de Montaña Oriental	Por definir
Zona de Friol - Palas	Friol
Zona dos Ancares, Lugo e Sarria	Por definir
Zona da Mariña Central e Oriental	A Pontenova
Zona de Quiroga e Terra de Lemos	Quiroga/Folgoso
Zona da Ulloa, Lugo e Chantada	Monterroso
Zona da Mariña Central e Occidental	Cervo

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	44/182	



Cobertura a Nivel Provincial. Provincia de Lugo.

GES	Concello
27 Zona A Mariña Central e Occidental	Alfoz Burela Cervo Foz Valadouro, O Xove
27 Zona A Mariña Central e Oriental	Lourenzá Meira Pastoriza, A Pontenova, A Riotorto Trabada
27 Zona A Ulloa- Lugo- Chantada	Antas de Ulla Guntín Monterroso Portomarín Taboada
27 Zona Friol- Palas	Begonte Friol Guitiriz Outeiro de Rei Palas de Rei
27 Zona Montaña Oriental	Baleira Castroverde Fonsagrada, A Negueira de Muíiz Pol Ribeira de Piquín
27 Zona Os Ancares- Lugo- Sarria	Baralla Bercerreá Cervantes Navia de Suarna Nogais, As Pedrafita do Cebreiro Triacastela
27 Zona Quiroga- Terra de Lemos	Folgoso do Courel Pobra de Brollón, A Quiroga Ribas de Sil

En todos os casos, cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente, que dea cobertura a toda a zona de actuación do grupo conforme a este anexo no que se recolle a súa sede.

No caso de que algún dos GES non fose constituído ou quedara vacante, sen prexuízo de que a prioridade sexa cubrir esas vacantes, con carácter excepcional, os restantes GES deberán atender a zona de actuación vacante a petición do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 (CIAE112) que empregará coma criterio de mobilización a minimización do tempo de resposta.

Sen prexuízo da relación de concellos asignados a cada GES o CIAE112 poderá avisar a aquel GES cuxo tempo de resposta sexa menor en función da localización da emerxencia.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	45/182



Anexo II: Custo en materia de emerxencias e extinción de incendios GES. Custo Anual GES 2024.

Zona	Sede/subse de	Comp	Custo	DDPP	Concellos	Vicepresidencia DXAL	CM Rural (fondos propios)
Os Ancares-Lugo-Sarria	Por definir						
A Mariña Central e Occidental	Cervo	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €	15.750,00 €	145.821,43 €
Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Folgoso)	Folgoso do Courel	6	156.370,96 €	64.000,00 €	24.000,00 €	7.875,00 €	72.495,96 €
Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Quiroga)	Quiroga	6	156.370,96 €	64.000,00 €	24.000,00 €	7.875,00 €	72.495,96 €
A Fonsagrada-Meira	Por definir						
Terra Cha-Lugo	Friol	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €	15.750,00 €	145.821,43 €
A Ulloa-Lugo-Chantada	Monterroso	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €	15.750,00 €	145.821,43 €
A Mariña Central e Oriental	Pontenova, A	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €	15.750,00 €	145.821,43 €
Total			1.567.027,64 €	640.000,00 €	120.000,00 €	78.750,00 €	728.277,64 €

Anexo III: Medios materiais.

Co fin de proporcionar un servizo de calidade, axustado ás tarefas encomendadas, cada GES contará con:

Un vehículo todoterreo que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación obrigatoria do mesmo, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc.

Batelumes, ferramentas e equipos de protección individuais (EPIs) necesarios para realizar a súa función. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo “Comité de Loita contra Incendios Forestais” (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (Pladiga). Os vehículos de extinción dispoñibles de acordo coa súa operatividade.

En canto á roupa de traballo, os membros dos GES vestirán un uniforme axeitado ás características do seu traballo, na que figurará de forma visible a denominación “GES” e a zona de intervención, segundo o modelo definido pola Xunta de Galicia.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	46/182





Para a extinción de incendios forestais os equipos de protección individual (EPIs) terán as características definidas polo Comité de Loita contra os Incendios Forestais do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico e o Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais - PLADIGA (ver <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/defensa-monte/pladiga-2022>)

Anexo IV prezos unitarios por actuacións de prevención e orzamentos para a prevención de incendios por concello.

Prezos unitarios por actuacións de prevención.

CÓD TARIFA	DESCRIPCIÓN	PREZO UNITARIO
	Ud de Definición das redes de faixas de xestión da biomasa. Identificación das referencias catastrais ou códigos de parcela SIXPAC das parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa. Tamén se incluírán a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal.	9000€/ud
	Ud de investigación de titularidade de parcela e redacción de informe de xestión de biomasa consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais	12 €/parcela
TS0001	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes inferiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.121,10 €/ha
TS0002	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes superiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.195,840 €/ha
TS0003	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm. en pendentes inferiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.464,904 €/ha
TS0004	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm. en pendentes superiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.793,760 €/ha
TS0005	Roza mecanizada dunha hectárea de matogueiral, con rozadora de cadeas ou similar en zonas de pendente escasa ou nula (pdte. < 10%) e cunha superficie cuberta de matogueira do 100%..	343,440 €/ha
SA0001	Unidades de panel para publicidade FEADER	236,484 €/ud

Orzamentos para a prevención de incendios 2024

Num.	Provincia	Tipo	Sede/subsede	CM Rural
1	Lugo	Sede	Cervo	6.428,57 €
2	Lugo	Subsede	Folgoso do Courel	3.629,04 €
3	Lugo	Subsede	Quiroga	3.629,04 €
4	Lugo	Sede	Friol	6.428,57 €
5	Lugo	Sede	Monterroso	6.428,57 €
6	Lugo	Sede	Pontenova, A	6.428,57 €
Total				32.972,36 €

As actuacións de prevención mediante rozas da táboa establecen que os traballos manuais realízanse en pendentes inferiores ao 50% ou pendentes iguais ou

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	47/182



superiores ao 50%. Tamén se establece que os traballos mecanizados realizaranse en zonas de pendente escasa ou nula (pdte.< 10%). A discriminación de traballos mecanizados dos manuais debe realizarse do seguinte xeito:

Traballos a realizar de forma mecanizada: roza en superficies con pendentes inferiores ao 10% ou roza da faixa auxiliar en ambas marxes de vías, mediante pase de rozadora de brazo hidráulico axustada a tractor. Incluirase nesta actuación o desbroce de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario, contabilizando a súa superficie.

Traballos a realizar de forma manual: en pendentes iguais ou superiores ao 10%. Tamén se poderán admitir de xeito excepcional superficies con pendentes inferiores ao 10% sempre que pola súa reducida superficie ou entidade sexa máis económico a súa realización de forma manual.

Anexo V. Programa de actuacións preventivas.

Os contidos mínimos do Programa de Actuacións Preventivas (PAP) serán os seguintes:

A) Ámbito de actuación das actuacións preventivas.

B) Tipos de traballo obxecto de axuda.

C) Xustificación das superficies obxecto de actuación:

As actuacións a realizar atenderán ao previsto na planificación do Distrito Forestal en materia preventiva. e deberán estar en concordancia co Plan de Prevención do Distrito Forestal e Municipal, de existir estes (e tamén co PLADIGA).

Debe existir unha xustificación, que amose criterios obxectivos na selección das parcelas propostas de actuación e teña como obxectivo fundamental a redución e descontinuidade do combustible mediante tratamentos silvícolas preventivos.

D) Táboa resumo de superficies obxecto de actuación en materia de planeamento, silvicultura preventiva:

Deberá incluírse unha táboa resumo coas superficies de actuación proposta en hectáreas desagregando segundo os tipos de traballos incluídos no convenio.

Localización das parcelas ou vías de actuación preventiva coa descrición, cando menos, da parroquia e lugar (potestativamente ref. catastrais ou parcelas SIXPAC)

E) Cartografía

Cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1: 5:000, ou no seu defecto 1:25:000 no que se reflectan as actuacións preventivas propostas. A escala desta documentación non terá que verse alterada por ampliacións ou reducións de fotocopiado.

Asemade a cartografía remitirase en formato vectorial, tipo shapefile en Datum ETRS 89 e fuso 29N, ou documento análogo.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	48/182





O prazo para a presentación do PAP será o 31 de marzo de 2024.

Anexo VI: Xustificación dos traballos e libramento de fondos.

1.- Xustificación dos traballos e libramento de fondos da xunta.

A documentación xustificativa deberá estar en poder da Dirección xeral de Defensa do Monte e da Dirección Xeral de Administración Local antes do 5 de decembro de 2024. Non obstante, polo que se refire aos gastos de persoal, a documentación xustificativa deberá estar en poder da Dirección Xeral de Defensa do Monte, antes do 28 de decembro de 2024.

1. O libramento dos fondos ás entidade locais nas que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais pola Xunta de Galicia, someterase ao seguinte réxime de pago:

a) Polo que respecta a Consellería do Medio Rural, librarase un pago anticipado do 100%, logo de solicitude da entidade local. Este anticipo farase con cargo aos fondos propios libres do código de proxecto: 2011.00771.

b) Polo que respecta á Dirección Xeral de Administración Local, librarase un pago anticipado do 50%, logo de solicitude da entidade local.

2. Para a xustificación das actuacións subvencionadas ao abeiro deste convenio, ás entidades locais nas que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais, remitirán á Dirección Xeral de Administración Local e á Dirección Xeral de Defensa do Monte respecto aos gastos en materia de vixilancia e extinción de incendios forestais, a documentación seguinte, en exemplar orixinal ou copia debidamente compulsada:

Certificación do secretario municipal, co visto e praxe do presidente da corporación, do cumprimento do obxecto do presente convenio, que se emitirá con base nas certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable nos concellos sede ou subse de do GES.

Na certificación emitida para a Dirección Xeral de Defensa do Monte, detallarase que se efectuaron as contratacións e as altas na Seguridade Social dos/as traballadores/as que forman parte da estrutura do GES en cada un dos concellos implicados.

Certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subse de do GES, na que se indique o cumprimento do obxecto do convenio e o pagamento efectivo do gasto realizado.

Nas certificacións que se emitan para a Dirección Xeral de Defensa do Monte, indicaranse as contratacións e altas na seguridade social dos/as traballadores/as que forman parte do GES.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	49/182



Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade, asinada polo representante do concello sede ou subsede do GES.

Na declaración de axudas que se emita para a Dirección Xeral de Administración Local debe facerse constar se o concello sede ou subsede percibiu algunha outra axuda, aínda que sexa no marco do propio convenio, procedente de calquera das administracións ou órganos que financian as actuacións, para os gastos gastos subvencionados por este centro directivo, é dicir, aqueles financiados con cargo ao capítulo II, gastos correntes en bens e servizos, incorporados na relación clasificada de gastos da conta xustificativa.

Certificación expedida pola secretaría do concello sede ou subsede, co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se inclúa unha relación clasificada dos gastos imputables á actuación subvencionada.

A certificación emitida para a Dirección Xeral de Administración Local referirase á conta xustificativa dos gastos subvencionados por este centro directivo, é dicir, aqueles financiados con cargo ao capítulo II, gastos correntes en bens e servizos.

Documentos xustificativos de gastos e de pagamentos:

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Para os efectos da súa consideración como gasto subvencionable, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta, certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira.

Porén, coa finalidade de poder acreditar o gasto da nómina do persoal correspondente ao mes de decembro de cada ano e para estes efectos, serán suficientes, para a súa consideración como gasto subvencionable, as certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subsede do GES, nas que se indiquen que están contabilizados e fiscalizados os ditos pagos.

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

Declaración responsable da persoa representante do concello sede ou subsede do GES conforme este concello, como entidade beneficiaria dunha subvención, non está incurso en ningún dos supostos do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na documentación que se remita á Dirección Xeral de Defensa do Monte incluírase unha relación nominal dos compoñentes do GES, con especificación da persoa

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	50/182





responsable do grupo e un número de teléfono de contacto. No caso de existir fondos remanentes, logo da xustificación dos concellos, serán devoltos por estes ao Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Xustificación dos traballos e libramento de fondos da Deputación provincial de Lugo.

A Deputación Provincial de Lugo remitirá ás Entidades Locais sede ou subsede instrucións sobre a documentación requirida para a xustificación dos fondos aportados por estas.

Anexo VII. Acreditación de gastos en materia de prevención de incendios forestais.

Para a xustificación das actuacións subvencionadas materia de prevención de incendios forestais, ás entidades locais nas que se sitúan as sedes e as subsedes dos GES ou os Servizos Municipais, remitirán á Dirección Xeral de Defensa do Monte, antes do 31 de outubro de 2024, en relación coa actuación de cada GES a documentación seguinte, en exemplar orixinal ou copia debidamente compulsada:

Certificación do secretario da municipal, co visto e praxe do presidente da corporación municipal, do cumprimento do obxecto do presente convenio, que se emitirá con base nas certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable nos concellos sede ou subsede do GES.

Certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede ou subse de do GES, na que se indique o cumprimento do obxecto do convenio e o pagamento efectivo do gasto realizado.

Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade, asinada polo representante do concello sede ou subse de do GES.

Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A dita memoria asinada polo Alcalde correspondente deberá dar conta dos traballos xustificandos, sexa:

Definición das redes de faixas de xestión da biomasa.

Investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal

Redacción de informe de xestión de biomasa

Xustificación de outras actuacións de prevención realizadas.

Unha memoria económica xustificativa que conterà, como mínimo, os seguintes extremos:

Acreditación sobre o número de unidades físicas consideradas como módulo.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	51/182



Contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os prezos das unidades de obra previstos nesta subvención. Certificación expedida pola secretaría do concello sede ou subsede, co visto e prace do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se inclúa unha relación clasificada dos gastos imputables á actuación subvencionada. Mediante sistema contable diferenciado por ser fondos FEADER.

Documentos xustificativos de gastos e de pagamentos: Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Para os efectos da súa consideración como gasto subvencionable, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta, certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

Declaración responsable da persoa representante do concello sede ou subsede do GES conforme este concello, como entidade beneficiaria dunha subvención, non está incurso en ningún dos supostos do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Todo iso consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais e dando, en calquera caso, cumprimento ás cláusulas e fins establecidos no presente convenio.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas sen que, conxuntamente cos pagamentos anticipados, superen o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

Os importes dispostos no Anexo IV terán a consideración de custos de referencia que suporán límites máximos admisibles para algúns tipos de gastos, consonte o establecido no artigo 67.1.a) do Regulamento (UE) 1303/2014. Por esta razón, esixirase aos beneficiarios da axuda que presente xunto coa solicitude de pago facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e xustificante de pago.

No caso de que existan custos simplificados avalados por cálculos dos ditos custos e certificado asinado polo organismo independente, estes custos simplificados ou módulos terán a condición de baremos estándar de custos unitarios tal como

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	52/182





contempla o artigo 67 do Regulamento (UE) 1303/2013. De aplicarse os ditos custos non será necesario para realizar o pagamento en materia de prevención a presentación de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente xuntamente aos xustificantes de pago.

Por parte da Consellería do Medio Rural:

Persoal funcionario desta Consellería expedirá certificación na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao programa de actuación aprobado pola comisión de seguimento, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas.

Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra das aprobadas.

A redución anterior virá incrementada gradualmente, farase un cálculo sobre a base do que se considera elixible. Cada unidade xestora determinará:

a. O importe que se pode conceder ao beneficiario en función exclusivamente da solicitude de pagamento. A tal efecto tomaranse en consideración a suma dos importes de gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

b. O importe que se pode conceder ao beneficiario logo de controlar a elixibilidade dos gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

A cantidade a pagar ao beneficiario será a definida no importe b). Cando o importe a) supere ao importe b) en mais dun 10% a cantidade a pagar é igual ao importe b) menos a diferenza entre os dous importes. Esta redución non se aplica cando o beneficiario poida demostrar que non é responsable da inclusión do importe non elixible.

O órgano xestor poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables conforme ao disposto no artigo 48 do Regulamento 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen as disposicións de aplicación do regulamento (CE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade e no artigo 30.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Emitirase certificación expedida na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao programa de actuación aprobado pola comisión de seguimento, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas.

Teranse en conta os criterios xerais ditados polo Fondo Español de Garantía Agraria na Circular de coordinación 33/2020 relativa aos Criterios para a aplicación de penalizacións nas medidas de desenvolvemento rural non establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020, que substitúe á circular de coordinación 32/2017. Igualmente tomarase en consideración a Circular de coordinación 19/2022 relativa ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural non establecidos no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	53/182



A Consellería do Medio Rural resérvase o dereito de solicitar tanta documentación considere precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

Anexo VIII Medios persoais.

Os concellos sede serán os encargados da selección do persoal. No caso que fora necesario seleccionar novos efectivos, o procedemento de selección realizarase a través do sistema de concurso- oposición respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade así coma a normativa de selección dos empregados públicos.

A subscrición do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia o concello asumirá a posición de empresario ou contratante de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

Para participar nos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán contar con carné de conducir tipo C, sen prexuízo dos demais requisitos mínimos que sexan esixidos consonte a normativa de aplicación.

A capacitación acreditarase coa formación impartida pola Academia Galega de Seguridade ou outros organismos públicos.

A experiencia acreditarase a través de certificacións emitidas polos organismos correspondentes aos que pertenceran os servizos nos que estiveran inscritos e desenvolvendo as súas actividades.

Fase de concurso.

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 10 (sobre un total de 30 puntos da puntuación total do procedemento, ou proporción que resulte equivalente). O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

1. Méritos Profesionais.

a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos puntuarase 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.

b) Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público puntuarase 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	54/182





c) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan puntuarase 0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública):

Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.

Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.

Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.

Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración Pública xustificárase: Presentando certificación expedida pola secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.

Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	55/182



poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:

Méritos profesionais: Máximo 6,00 puntos.

Cursos e Seminarios, etc.: Máximo 2,00 puntos.

3. Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil.

Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 2,00 puntos.

Temario mínimo da fase de oposición.

a. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.

b. Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.

c. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios

d. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.

e. Accidentes de tráfico e excarceración.

f. Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas.

g. Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.

h. Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia).

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionarse no caso de que a persoa candidata conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil ou certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento.

O curso selectivo responde ao seguinte modelo:

Datos xerais do curso.

1. Familia Profesional: Seguridade e Medio Ambiente. Área Profesional: Protección Civil.

2. Denominación do curso: intervención en emerxencia.

3. Código:

4. Tipo de curso: específico.

5. Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	56/182





urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.

6. Requisitos do profesorado:

6.1. Nivel académico: titulación universitaria, (Preferentemente...) na súa falta, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionado co curso.

6.2. Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación.

6.3. Nivel pedagógico: Formación metodolóxica, ou ben experiencia docente.

7. Requisitos de acceso do alumno:

7.1. Nivel académico ou de coñecementos xerais:

Estar en posesión de polo menos o título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente.

Estar en posesión do carné de conducir da clase C.

7.2. Nivel profesional ou técnico:

Non se require.

7.3. Condicións físicas:

Condicións físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza, destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos. "Aquelas que non impidan o normal desenvolvemento da profesión".

8. Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que por razóns operativas poida superarse este número ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

Incendios urbanos e industriais (28 horas).

Incendios forestais (14 horas).

Accidentes de tráfico (21 horas).

Primeiros Auxilios (7 horas).

10. Duración:

Prácticas	50 horas
Contidos teóricos	20 horas
Total	70 horas

Dúas semanas en sesións de 7 horas/diarias de luns a venres.

11. Equipo, material.

Equipo e maquinaria:

Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual (extintores, mangueras, batelumes, antorchas de goteo).

Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática.

Radio transmisores.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	57/182	

Equipo de primeiros auxilios.
 Equipo portátil de bombeo.
 Grupos electrógenos.
 Autobombas urbana e forestal.
 Equipo de corte en frío (cizallas, radiais, etc.)

11.2. Material de consumo:

Folios.
 Cadernos.
 Bolígrafos.
 Lapis.

11.3 Material didáctico.

1. Manual básico do curso.
2. Caderniño de ponencias

11.4 Elementos de protección. No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais ao respecto.

Datos específicos do curso.

Denominación do módulo nº 1: Incendios urbanos e industriais.

Obxectivo do módulo:

Identificar os tipos de combustión.

Coñecer os equipos de protección individual.

Identificar tipos axentes extintores.

Identificar tipos de instalacións de auga.

Identificar tipos de bombas.

Coñecer a conducción de vehículos de emerxencias e o seu posicionamento.

Coñecer os distintos tipos de bombas, o seu funcionamento, o seu uso e necesidades de mantementos.

Coñecer os procedementos de actuación en incendios urbanos e industriais

Duración do módulo: 28 horas.

Contidos formativos do módulo.

A) Prácticas.

Prácticas de tendidos de mangueras.

Prácticas de mantemento de bombas e impulsión.

Prácticas de conducción e de posicionamento de vehículos.

Prácticas de desprazamento en lugares de visibilidade reducida.

Prácticas de extinción de vehículos. Prácticas de actuación en materias perigosas.

Prácticas de extinción de incendios de gases.

B) Contidos teóricos.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	58/182





Tipos de combustión.

Equipos de protección individual. O traxe de intervención. El ERA: partes, uso e mantemento.

Axentes extintores: espumas, extintores portátiles, auga.

Instalacións de auga: mangueras, hidrantes, columnas secas y BIE.

Traxes de aproximación e de penetración ao lume. Traxes NBQ.

Bombas, bombas de achique y turbobombas. Uso e mantemento.

Intervención con risco eléctrico.

A química do lume.

Axentes extintores.

Localización do foco.

Orientación, busca e rescate.

Equipos de respiración asistida

Entradas forzosas.

Risco químico. Identificación de mercancías perigosas.

Denominación do módulo nº 2: incendios forestais.

Obxectivo do módulo:

Identificar os factores que afectan ao comportamento dun lume forestal.

Cóñecer os métodos e medios de prevención e extinción de incendios forestais.

Cóñecer os procedementos de actuación en incendios forestais.

Cóñecer as normas de seguridade na prevención e extinción de incendios forestais.

Duración do módulo: 14 horas.

Contidos formativos do módulo.

A) Prácticas

Prácticas de identificación das partes dun lume forestal.

Prácticas de extinción mediante ataque directo con ferramentas manuais.

Prácticas de extinción mediante ataque directo con liña de auga.

Prácticas de extinción mediante ataque indirecto: a queima do ensanche e o contralume.

B) Contidos teóricos.

A prevención de incendios forestais: actuación sobre os combustibles forestais.

A detección de incendios forestais: o proceso de comunicación.

Medios para a extinción de incendios forestais.

Métodos de extinción de incendios forestais.

Organización do combate: etapas, primeiro ataque e ataque ampliado.

Situacións de perigo e normas de seguridade.

Denominación do módulo nº 3: accidentes de tráfico.

Obxectivo do módulo:

Cóñecer os procedementos de intervención en accidentes de tráfico.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	59/182	

Duración do módulo: 21 horas.
 Contidos formativos do módulo.
 A) Prácticas.
 Prácticas vehículos.
 Desencarceración, excarceracións e simulacións.
 B) Contidos teóricos.
 Introducción aos accidentes de tráfico.
 Coordinación en accidentes de tráfico.
 Seguridade pasiva.
 Estabilización de vehículos.
 Seguridade persoal en accidentes de tráfico.
 Sistemática de intervención en accidentes de tráfico prácticas con vehículos.
 Denominación do módulo nº 4: primeiros auxilios.
 Obxectivos do módulo:
 Coñecer procedementos a seguir en primeiros auxilios.
 Identificar tipos de queimaduras.
 Identificar tipos de traumatismos.
 Identificar outros tipos de lesións e feridas.
 Duración do módulo: 7 horas.
 Contidos formativos do módulo.
 A) Prácticas.
 Reanimación: tipos.
 Rescates con feridas.
 Rescates de interior de vehículos.
 Desencarceración, excarceracións e simulacións.
 B) Contidos teóricos.
 Queimaduras.
 Alteracións eléctricas.
 Afogamentos.
 Traumatismos craneoencefálicos, médulas, torácico-abdominais.
 Reanimación cardiopulmonar.
 Feridas e hemorraxias.
 Luxacións e contusións.
 Torceduras.
 Pautas de actuación en accidentes de tráfico.
 Equipos de corte y separación.
 Equipos hidráulicos.
 Excarceracións.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	60/182





Anexo IX.- Documento de adhesión concellos.

D./Dona, en representación do Concello de

Declara:

Que o Pleno (ou órgano competente) do concello acordou, con data de.....do.....mes.....de do ano solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e, en consecuencia,

Manifesta:

A vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

En.....,de de.....

Anexo X.- Publicidade feader.

Os modelos de carteis que os concellos sede deben instalar como beneficiarios de axudas FEADER adaptaranse ao formato e condicións que aparecen definidas na Estratexia de Información e Publicidade do Programa de Desenvolvemento Rural 2014_2020 de Galicia, actualizada o 16 de novembro de 2021.

Anexo XI – Distribución das achegas por tipo de gasto. Ano 2024.

DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO							
Gastos	DDPP	Concellos	Subtotal EELL	Medio Rural (en materia de extinción)	DXAL	Subtotal Xunta	TOTAL
Gastos de persoal GES	580.000,00€	108.750,00 €	688.750,00 €	728.277,64 €		728.277,64 €	1.417.027,64 €
Gastos correntes en bens e servizos GES	60.000,00 €	11.250,00 €	71.250,00 €		78.750,00 €	78.750,00 €	150.000,00 €
Total	640.000,00 €	120.000,00 €	760.000,00 €	728.277,64 €	78.750,00 €	807.027,64 €	1.567.027,64 €

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	61/182	

2º.- Aprobar o gasto anticipado por importe de 640.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 1361.46200 do orzamento do ano 2024, inicialmente aprobado por acordo plenario de data 28 de novembro de 2023, para financiar os gastos en materia de emerxencias e extinción de incendios derivados do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para a anualidade do 2024.

Está previsto, no proxecto de orzamento aprobado inicialmente polo Pleno do 28.11.23, o importe de 640.000,00 euros na aplicación orzamentaria sinalada.

3º.- Establecer que a axuda a satisfacer pola Deputación se destine indistintamente a gastos de persoal e gastos correntes, dado que no borrador do convenio remitido non constan os importes que cada concello ten que destinar especificamente a gastos de persoal e a gastos correntes.

4º.- Establecer que a documentación a aportar por parte dos concellos sede co obxecto de xustificar a achega recibida pola Deputación concretarase por Resolución de Presidencia, que será notificada aos Concellos Sede.

5º.- Establecer que a distribución do financiamento recollida na cláusula oitava do convenio de referencia queda supeditada ao cumprimento do establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar na “Mellora dos parques rúa Xulia Minguillón, Marzán e Llas” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Foz (EXP- 2023/PES_03/026033) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	62/182





“Mellora dos parques rúa Xulia Minguillón, Marzán e Llas” ano 2023 por importe total de 120.000,00 € (que serán financiados pola Deputación de Lugo), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	63/182



xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	64/182





Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	65/182



financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	66/182





3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	67/182



solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Foz ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25.2. da LRBRL, nas seguintes materias: Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	68/182





pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 120.000,00 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59. 8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora dos parques rúa Xulia Minguillón, Marzán e Llas” ano 2023”, por importe total de 120.000,00 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar na “Mellora dos parques rúa Xulia Minguillón, Marzán e Llas” ano 2023

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	69/182



Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-27000000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Francisco Cajoto Caserio, alcalde do Concello de Foz, con N.I.F. P-2701900I e sede na rúa Álvaro Cunqueiro, 24 27780, Foz, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don Jose Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	70/182	



“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	71/182



convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	72/182	



desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	73/182



solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público - público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	74/182





exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

ACTUACIÓNS	CUSTE TOTA(IVE engadido)
Mellora do parque rúa Xulia Minguillón	63.000,00 €
Mellora parque Marzán	32.000,00 €
Mellora Parque Llas	25.000,00 €
TOTAL	120.000,00

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes..

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
120.000,00 €	0,00 €
TOTAL: 120.000,00 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Foz.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (120.000,00€).

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	75/182



2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida pola Deputación, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Foz.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Foz, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

5. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

6. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de xullo de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

8. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

9. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	76/182





Cuarta.- Réxime económico.

a) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 120.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Foz aportará para a execución do convenio o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

b) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do Concello de Foz.

c) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Foz aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de setembro de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

a) Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Actas de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	77/182



Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	78/182	



Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

Velar polo cumprimento deste convenio.

b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos”

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	79/182	

institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	80/182





Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como secretario que dou fe.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 120.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	81/182



convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e decoordinación de seguridade e saúde” ano 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Informe.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Guitiriz (EXP- 2023/PES_03/025130) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023, por importe total de 135.576,32 € (dos que 102.576,32 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 33.000,00 € serán financiados polo Concello), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	82/182	



Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden."

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...) "

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co art. 193.2 da Lei 5/1997" -LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	83/182



asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa Común Sobre O Réxime Xurídico Do Sector Público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	84/182	



convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	85/182



A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei".

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	86/182





cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Gutiriz ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25.2. d da LRBRL, na seguinte materia: Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	87/182	

Terceira. Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	88/182





Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 102.576,32 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral do ano 2023.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023, por importe total de 135.576,32 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para cooperar na “Reforma da nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA), no acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da rúa da Liberdade en Guitiriz e nos honorarios técnicos de redacción de proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	89/182



Doutra parte, dona Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, con N.I.F P-2702200C e sede na rúa do Concello, 4, 27300, Guitiriz, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	90/182	



subscribir convenios con suceso de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)"

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	91/182



- “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...) 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios,

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	92/182





especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.” Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financieira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LRBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	93/182



cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	94/182	



Actuación	CUSTE IVE engadido)
Reforma nave municipal de servizos múltiples (antigo SENPA)	30.939,13 €
Honorarios técnicos (redacción + dirección obra + coordinación de seguridade e saúde). Reforma nave SENPA	1.263,98 €
Acondicionamento e mellora de accesibilidade para implantación dun paseo peonil da Rúa da Liberdade en Guitiriz	95.880,07€
Honorarios técnicos (redacción + dirección obra + coordinación de seguridade e saúde). Rúa Liberdade	7.493,14€
CUSTE TOTAL	135.576,32 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos, poderán compensarse entre si os distintos importes.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
102.576,32 €	33.000,00 €
TOTAL: 135.576,32 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Guitiriz.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (102.576,32 €)
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	95/182



noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Guitiriz.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Guitiriz, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, 33.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.
4. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
6. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
7. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
9. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

a) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 102.576,32 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Guitiriz aportará para a execución do convenio 33.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	96/182





b) Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será do Concello de Guitiriz.

c) Xustificación Da Achega Económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Guitiriz aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de outubro de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Actas de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	97/182



Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	98/182	



O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
 - b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
 - c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
 - d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
 - e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
- Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	99/182



De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	100/182





adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente que consta de 10 páxinas, do que como secretario dou fe.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 102.576,32€ para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	101/182



Cuarto.- *Proposta de autorización para destinar os remanentes derivados da licitación das actuacións comprendidas no marco do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023 ao financiamento de varios subministros.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Asunto: Informe Xurídico favorable.

Autorización para destinar os remanentes derivados da licitación das actuacións comprometidas no marco do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023 ao financiamento de varios subministros.

En relación ao asunto de referencia (2023/PES_03/026038) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 14 de abril de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, concello de Foz ” ano 2023, por importe total de 123.400,00 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 123.400,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz ” ano 2023 formalizouse o 18 de abril de 2023.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	102/182	



Terceiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 28 de xullo de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de modificar as cláusulas terceira e cuarta do convenio formalizado o 18 de abril de 2023.

Cuarto.- A addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no "Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz " ano 2023, formalizouse o 31 de xullo de 2023.

Quinto.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 11 de agosto de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de modificar a cláusula primeira do convenio formalizado o 18 de abril de 2023 e cuxa addenda foi formalizada o 31 de xullo de 2023.

Sexto.- A segunda addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no "Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz " ano 2023 formalizouse o 17 de agosto de 2023.

Sétimo.- O alcalde do Concello de Foz remitiu, o 1 de decembro de 2023 (2023RT018358), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

"Solicitamos aplicación do remanente na cantidade de 4.805,67 euros ive engadido para a adquisición dunha lona para carpa, unha carpa plegable de 4x4m e laterais, así como o equipamento interior dunha furgoneta, composto por estanterías, módulos, soporte maletín, bandexa superior, kit suxeición."

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula terceira -Obrigas e compromisos das partes:-

"3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

(...)

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida pola Deputación, ou previa solicitude

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	103/182



do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
(...)”.

Na cláusula quinta. Duración do convenio.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula sexta. Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- O órgano competente para autorizar a aplicación dos remanentes e para aprobar a terceira modificación do convenio é a Xunta de Goberno, tendo en conta que foi o órgano que aprobou o citado convenio, a as súas modificacións e o seu gasto.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que o convenio está vixente, que se prevé a modificación do mesmo e que a aplicación de remanentes -derivados da licitación- para financiar outras actuacións que teñan a mesma finalidade e respecto da que se acheguen o proxecto se atopa regulada na cláusula terceira do citado convenio, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	104/182	



1. Autorizar a aplicación dos remanentes (por importe de 4.805,67 €) derivados da licitación das actuacións comprometidas no marco do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz ” ano 2023, para o financiamento do subministro dunha lona para carpa, dunha carpa plegable de 4x4m e laterais, así como o equipamento interior dunha furgoneta, composto por estanterías, módulos, soporte maletín, bandexa superior e kit suxeición”

2. Aprobar o texto do borrador da terceira addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz ” ano 2023 na que se modifican as cláusulas primeira, terceira e cuarta do convenio do que trae causa como consecuencia da autorización de aplicación de remanentes para financiar outros submisitros, manténdose inalteradas o resto de cláusulas do convenio.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a aplicación dos remanentes (por importe de 4.805,67 €) derivados da licitación das actuacións comprometidas no marco do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023, para o financiamento do subministro dunha lona para carpa, dunha carpa plegable de 4x4m e laterais, así como o equipamento interior dunha furgoneta, composto por estanterías, módulos, soporte maletín, bandexa superior e kit suxeición.

2º.- Aprobar o texto do borrador da terceira addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023 na que se modifican as cláusulas primeira, terceira e cuarta do convenio do que trae causa como consecuencia da autorización de aplicación de remanentes para financiar outros submisitros, manténdose inalteradas o resto de cláusulas do convenio, cuxo senso é o seguinte:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	105/182



Terceira addenda ao Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Francisco Cajoto Caserio, alcalde do Concello de Foz, con N.I.F. P-2701900I e sede na rúa Álvaro Cunqueiro, 24 27780, Foz, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don Jose Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 14 de abril de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023., por importe total de 123.400,00 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 123.400,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023 formalizouse o 18 de abril de 2023.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	106/182





Terceiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 28 de xullo de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de modificar as cláusulas terceira e cuarta do convenio formalizado o 18 de abril de 2023.

Cuarto.- A addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz” ano 2023 formalizouse o 31 de xullo de 2023.

Quinto.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 11 de agosto de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de modificar a cláusula primeira do convenio formalizado o 18 de abril de 2023 e cuxa addenda foi formalizada o 31 de xullo de 2023.

Sexto.- A segunda addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Subministro de vehículos servizo obras e equipamento municipal, Concello de Foz ” ano 2023 formalizouse o 17 de agosto de 2023.

Sétimo.- O alcalde do Concello de Foz remitiu, o 1 de decembro de 2023 (2023RT018358), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“Solicitamos aplicación do remanente na cantidade de 4.805,67 euros ive engadido para a adquisición dunha lona para carpa, unha carpa plegable de 4x4m e laterais, así como o equipamento interior dunha furgoneta, composto por estanterías, módulos, soporte maletín, bandexa superior, kit suxeición.”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente terceira addenda ao convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas primeira -obxecto-, terceira -obrigas e compromisos das partes- e cuarta -réxime económico- do convenio

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	107/182



formalizado o 18 de abril de 2023, e cuxas addendas foron formalizadas o 31 de xullo de 2023 e o 17 de agosto de 2023, que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula primeira.- Obxecto.

“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL (IVE engadido)
Adquisición de 4 vehículos Adquisición de 1 Palco 7,50x5m estrutura metálica a dúas augas con altura lateral de 3 m, escenario con estrutura de aluminio e taboleiro de carrocería de 24 mm. 4 Serigrafía vehículos, incluída colocación	118.594,30 €
Lona para carpa	1.857,35€
Carpa de 4x4m plegable Formada por estrutura de aluminio reforzada de color prata con columnas telescópicas hexagonales de aluminio de 50 x 2 mm . Accesorios de aluminio fundido a presión y de acero. Sistema de bloqueo con pernos de acero a bayoneta. Lona superior color blanco de serie realizada con tejido de poliéster revestido de PVC de 450 gr m/2, con costuras protegidas por cinta termo soldada	1.191,49 €
Cortina lateral de 4 m para carpa plegable	297,66 €
Equipamento interior furgoneta, composto por estanterías, modulos, soporte maletín, bandexa superior , kit suxeición	1.459,17 €
TOTAL	123.399,97 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
123.399,97 €	0,00 €
TOTAL: 123.399,97 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida”

Cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (123.399,97€).

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	108/182





2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida pola Deputación, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Foz.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Foz, comprométese ao seguinte:

Achegar, para a execución do convenio, o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

8. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

Cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“A) Achegas.

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 123.399,97 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	109/182



2.- Achega do Concello:

O Concello de Foz aportará para a execución do convenio o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do Concello de Foz.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o Concello de Foz aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 15 de novembro de 2024.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

1. Memoria de actuacións das actividades realizadas.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

1. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

2. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción da subministración, expedida polo facultativo designado polo Concello de Foz.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	110/182





Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente”.

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta terceira addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, formalizado o 18 de abril de 2023, e cuxas addendas foron formalizadas o 31 de xullo de 2023 e o 1 de agosto de 2023, esta terceira addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente terceira addenda de modificación do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento da “Adquisición dun camión de recollida de RSU” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2023/PES_03/026096) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	111/182



Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 10 de febreiro de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento da “Adquisición dun camión de recollida de RSU” ano 2023, por importe total de 236.000,00€ (dos que os 234.000,00€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 2.000,00 € serán financiados polo Concello de Pedrafita do Cebreiro) e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 236.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento da “Adquisición dun camión de recollida de RSU” ano 2023, formalizouse o 14 de febreiro de 2023.

Terceiro.- O Alcalde do Concello de Pedrafita do Cebreiro remitiu, o 1 de decembro de 2023 (2023/PES_03/026096), solicitude de modificación da cláusula terceira e da cláusula cuarta (concretamente o prazo de execución e de xustificación dos gastos enmarcados dentro do convenio) motivada “en que a industria está sufrindo falta de subministro en moitos dos seus compoñentes que teñen que vir doutros países, de tal xeito que soamente unha empresa foi licitadora neste expediente de contratación, e tento en conta o prazo máximo de entrega do Camión recolector compactador de lixo”.

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

3.2. O Concello de Pedrafita do Cebreiro:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Pedrafita do Cebreiro, comprométese ao seguinte:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	112/182





Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 2.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O prazo inicialmente previsto de execución é o 20 de decembro de 2023. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo”.

Na cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“(…)

C. Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Pedrafita do Cebreiro aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de marzo de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

“(…)”

Na cláusula Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	113/182	

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula Sexta.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

Os novos prazos non exceden da metade dos prazos previstos.

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada polo representante do Concello de Pedrafita do Cebreiro nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia..”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento da “Adquisición dun camión de recollida de RSU” ano 2023 no senso da addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	114/182





Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento da “Adquisición dun camión de recollida de RSU” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don José Luís Raposo Magdalena, Alcalde do Concello de Pedrafita do Cebreiro, con N.I.F P-2704500D, e sede social Piedrafita do Cebreiro, Praza de España, 2, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 10 de febreiro de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á proposta de aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento da “Adquisición dun camión de recollida de RSU” ano 2023, por importe total de 236.000,00€ (dos que os 234.000,00€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 2.000,00 € serán financiados polo Concello de Pedrafita do Cebreiro) e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 236.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	115/182



financiamento da “Adquisición dun camión de recollida de RSU” ano 2023, formalizouse o 14 de febreiro de 2023.

Terceiro.- O alcalde do Concello de Pedrafita do Cebreiro remitiu, o 1 de decembro de 2023 (2023/PES_03/026096), solicitude de modificación da cláusula terceira e da cláusula cuarta (concretamente o prazo de execución e de xustificación dos gastos enmarcados dentro do convenio) motivada “en que a industria está sufrindo falta de subministro en moitos dos seus compoñentes que teñen que vir doutros países, de tal xeito que soamente unha empresa foi licitadora neste expediente de contratación, e tento en conta o prazo máximo de entrega do Camión recolector compactador de lixo”.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula terceira -obrigas do concello- e a cláusula cuarta -Réxime económico-, apartado c -xustificación da achega económica- do convenio formalizado o 14 de febreiro de 2023 que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

3.2. O Concello de Pedrafita do Cebreiro:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Pedrafita do Cebreiro, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 2.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. O prazo inicialmente previsto de execución é o 1 de xuño de 2024.
4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	116/182	



5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
8. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo”.

Cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“(…)

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Pedrafita do Cebreiro aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de agosto de 2024.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción do subministro.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	117/182



obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito con data 14 de febreiro de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de “Varias actuacións” no Concello de Antas de Ulla, ano 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	118/182





“Visto o escrito remitido dende o Concello de Antas de Ulla (EXP-2023/PES_03/024603) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento de “Varias actuacións” no concello, ano 2023, por importe total de 1.408.749,85 € (dos que 585.000,00 € serán financiados pola Deputación e 823.749,85€ serán financiados polo concello de Antas de Ulla), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	119/182



A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	120/182





Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	121/182



financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2.En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	122/182	



3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	123/182



solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Antas de Ulla ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25 e 26 da LRBRL.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	124/182





público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 585.000,00 €, nas seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral.

413.222,66 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200

171.777,34 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 €

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento de “Varias actuacións” no concello de Antas de Ulla, por importe total de 1.408.749,85 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Antas de Ulla, ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo actuando

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	125/182



en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona María del Pilar García Porto, Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla, con N.I.F P2700300C e sede social na praza de España, nº2 C.P 27570, Antas de Ulla, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	126/182





a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	127/182



Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	128/182





calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	129/182



teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	130/182





Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Antas de Ulla en exercicio das súas competencias, para a execución da actuacións que se detallan a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL (IVE engadido)
LIÑA 1. Inversións Rehabilitación enerxética e acondicionamento da casa da cultura e de seu auditorio: 1.094,776,46€ Regularización do firme na rede viaria municipal (lg. Quintela, lg. Cervela) na PQ. Cervela: 37.424,99€ Acondicionamento de camiño rural entre os núcleos de Barreiro a Ponte Merced na parroquia de Alvidrón: 45.867,53€ Acondicionamento de acceso rodado a LU-P-0307 en Caira na parroquia de Amoexa: 7.770,54€ Adquisición trituradora debrozadora: 11.616,00€ Reparación vehículo incendios: 30.773,22€ Adquisición ferramentas varias: 2.143,76 Adquisición corta cespede: 6.600,01 €	1.236.972,51 €
LIÑA 2. GASTOS CORRENTES DO ANO 2023 E DE EJERCICIOS ANTERIORES PENDENTES DE RECONECER Consorcio galego servizos sociais: 6.250,24€ ES público: 17.497,07€ Mantemento informático: 6.266,31 € Xestoría: 6.259,33€ Gastos de funcionamento diversos servizos: 30.000,00€ Energía eléctrica: 105.504,39€	171.777,34 €
CUSTE TOTAL	1.408.749,85 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes dentro de cada Liña de actuación. Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
585.000,00 €	823.749,85€
TOTAL: 1.408.749,85 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Antas de Ulla.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	131/182



Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (585.000,00€)
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Antas de Ulla.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Antas de Ulla, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 823.749,85€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.
4. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.
5. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
6. O prazo de execución das actuacións comprendidas na Liña 2 abarca ata o 31 de decembro de 2023.
7. O prazo inicialmente previsto de execución das actuacións comprendidas na Liña 1 abarca ata o 31 de outubro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	132/182	



9. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

a) Achegas:

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 585.000,00€ (413.222,66 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 171.777,34 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 € do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Antas de Ulla aportará para a execución do convenio o financiamento de 823.749,85€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

b) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de Antas de Ulla.

c) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Antas de Ulla aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de novembro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións - incluídas nas Liñas 1 e 2- obxecto deste convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas. No suposto de optar por contas xustificativas por cada unha das actuacións as aportacións regularizarase coa derradeira conta xustificativa de cada Líña.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	133/182	

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Actas de recepción das actuacións incluídas na Liña 1.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	134/182





Quinta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria, un anticipo polas operacións preparatorias que resulten necesarias para a realización das actuacións financiadas ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitud do anticipo.
2. Declaración responsable, emitida pola representante do Concello, na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
3. Declaración responsable, emitida pola representante do Concello, na que se faga constar que esta non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

Sexta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Oitava.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	135/182	

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Novena.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	136/182	



Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo primeira.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo segunda.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	137/182



personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 9 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data *ut supra*, do que como secretario dou fe.”

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	138/182





2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 585.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo ao vixente orzamento xeral, desglosado en:
413.222,66 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200
171.777,34 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de A Pobra do Brollón.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Don José Luis Maceda Vilariño, en nome e representación do Concello de A Pobra do Brollón, con NIF: P2704700J, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 15 de novembro de 2023 (RE nº: 2023RT017326), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, da “Adquisición de equipamento deportivo para o polideportivo municipal”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural; engadindo documentación complementaria o día 20 do mesmo mes (2023RT017702).

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitíuse informe do seguinte teor:

“(…).

Fundamentos de dereito.

I. Normativa aplicable.

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse, esencialmente, por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	139/182



A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (RODPL).
As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.
As restantes normas de Dereito Administrativo que, en cada caso, sexan de aplicación.

II. Relacións interadministrativas.

A relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de A Pobra do Brollón configúrase como un aparello técnico-administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, establecidos con carácter básico nos artigos 3.1.k), 140.1.d), 141.1.d), 143 e 144.1.d) da LRXSP, e, para o ámbito local, nos artigos 57 da LRBRL, 111 do TRRL e 193.1.b) da LALGA.

III. Títulos competenciais.

As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada son as establecidas nos artigos 36.1, letras b) e d) da LRBRL, 109.1.d) da LALGA, e 30.1.a) do TRRL.

Pola súa banda, o Municipio de A Pobra do Brollón ostentará competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en materia de: promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, en virtude do establecido na letra l) do artigo 25.2 da LRBRL.

IV. Financiación das actuacións.

O custo total de execución das actuacións que constitúen o obxecto da relación de cooperación proxectada ascende a 20.511,92 € (IVE incluído), que serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo.

Así mesmo, o Concello de A Pobra do Brollón achegará a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido.

V. Órgano competente para a aprobación do convenio.

En canto á competencia para a aprobación do convenio que a Deputación proxecta subscribir co Concello de A Pobra do Brollón, corresponderalle aquela á Xunta de Goberno, en virtude do establecido nos artigos 59.18 e 59.8 do RODPL, en relación co

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	140/182	



disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no apartado IV deste informe.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

1. O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de A Pobra do Brollón, para a realización conxunta da “Adquisición de equipamento deportivo para o polideportivo municipal”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural; por importe total de 20.511,92 €, que serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo.
2. O gasto, por importe de 20.511,92 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

No expediente constan, ademais:

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 30 de novembro de 2023.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	141/182



1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de A Pobra do Brollón do seguinte teor:

“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, para a realización conxunta da “Adquisición de equipamento deportivo para o polideportivo municipal”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: P2700000I, e sede social na rúa San Marcos, 8, de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (no sucesivo, LRBRL); e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

E doutra, don José Luis Maceda Vilariño, con DNI nº: ***0445**, alcalde do Concello de A Pobra do Brollón, con NIF: P2704700J, e sede social na Avda. de Galicia, 50, de A Pobra do Brollón, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da LRBRL.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e, a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- O municipio de A Pobra do Brollón inclúese dentro das áreas rurais que están experimentando importantes dificultades socioeconómicas debido, en gran parte, a unha débil estrutura demográfica, unha escasa oferta de emprego e a non provisión dunha serie de servizos e infraestruturas esenciais.

As prioridades da actuación municipal nesta materia céntranse na creación das condicións e infraestruturas necesarias para garantir a fixación de poboación e posibilitar a xeración de actividade económica.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	142/182





Dentro das estratexias para posibilitar a fixación da poboación considérase fundamental dar resposta ás demandas da mocidade, posibilitando a oferta dunha ampla variedade de actividades para axudar a fomentar a súa participación na comunidade.

Esta estratexia materialízase, entre outras actuacións, en dotar ao municipio das infraestruturas deportivas, que posibiliten a práctica dos distintos deportes.

Neste senso, o Concello dispón dun pavillón polideportivo situado na capitalidade do municipio, a carón do centro de educación infantil e primaria, froito da rehabilitación da antiga pista polideportiva.

A dotación de novas canastras de baloncesto no dito pavillón pretende dar resposta á demanda crecente para a práctica deste deporte, posibilitando que os rapaces de todas as idades poidan ter acceso a ela.

Segundo.- O Municipio, consonte ao artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (no sucesivo, LRBRL), “para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

Continúa o apartado 2 do citado artigo citando as materias nas que, en todo caso, os municipios exercerán competencias propias, nos termos en que a lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas llas atribúan, entre as que cabe citar, no caso que nos ocupa, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Mais é evidente que as entidades locais, como é o caso do Municipio de A Pobra do Brollón, carecen en moitos casos de medios económicos e materiais para o exercicio das competencias descritas, pois estas constitúen unha pequena parte da totalidade das que lles corresponden.

Neste senso, adquiren gran relevancia as consideracións que se reflicten no Libro Verde da Cohesión Territorial (COM (2008) 2550), en torno á necesidade de fomentala cooperación entre Administracións.

Asemade, hai que ter en conta que as Administracións Públicas actúan de acordo a uns principios establecidos, entre outros, no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (no sucesivo, LRXSP); destacando entre eles, no caso que nos ocupa, o de cooperación, previsto na letra d) do apartado 1 do dito artigo.

A teor do disposto naquel, o principio de cooperación materialízase cando dúas ou máis Administracións, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	143/182



Pois ben, para dar cumprimento ao principio de cooperación, as Administracións interesadas estimarán as técnicas que consideren máis axeitadas, como poden ser a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se materializará coa formalización de relacións de cooperación que requiren da aceptación expresa das partes, formulada, entre outros instrumentos, a través de convenios, nos que estarán previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben (art. 143 e 144 da LRXSP).

Do mesmo xeito se establece na regulación autonómica galega e no ámbito da normativa local, en concreto nos artigos 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (no sucesivo, LALGA), e 57 da LRBRL.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de A Pobra do Brollón configúrase como un aparello técnico administrativo necesario para a realización da adquisición proxectada por aquel, que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público na súa actuación e relacións, tal e como quedaron expostos.

Por todo elo, podemos concluír que a adquisición proxectada polo Concello de A Pobra do Brollón, e para cuxa execución solicita a cooperación da Deputación Provincial de Lugo, é unha adquisición de interese público, non só económico, senón tamén social, que xustifica a necesidade e oportunidade da formalización da relación de cooperación suscitada.

Terceiro.- No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos citados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA,

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	144/182





xa que unhas axeitadas instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre contribúen, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social, garantindo, ademais, que a vida nos núcleos rurais sexa igual de satisfactoria que a vida nos núcleos máis urbanos.

Por maior abastanza, no caso que nos ocupa, resulta de aplicación o disposto no artigo 30 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, que establece a obriga da Deputación de cooperar á efectividade dos servizos municipais, a través de, entre outros, os medios económicos propios de aquela.

Pola súa banda, o Municipio de A Pobra do Brollón, consonte á letra l) do artigo 25.2 da LRBRL, exercerá, en todo caso, competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Cuarto.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En virtude de todo o sinalado, os representantes das entidades locais citadas subscriben, en nome destas, o presente convenio interadministrativo de cooperación, de conformidade coas seguintes

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, para a realización conxunta da “Adquisición de equipamento deportivo para o polideportivo municipal”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.

Asemade, constitúen o obxecto deste convenio os honorarios técnicos de redacción de memoria, recepción e certificación da subministración.

Para realizar a dita adquisición e acadar o citado fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a realizar e financiar aquela, que, tal e como se reflicte memoria de subministración presentada polo representante do Concello de A Pobra do Brollón, xunto coa súa solicitude de cooperación, ten un custo estimado de 20.511,92 €, consonte á seguinte desagregación:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	145/182



GASTOS	
Concepto	Custo
Adquisición de equipamento deportivo para o polideportivo municipal	19.723,00 €
Honorarios técnicos de redacción de memoria, recepción e certificación da subministración	788,92 €
TOTAL GASTOS	20.511,92 €

O inmovible onde se formula a instalación da subministración é de titularidade municipal, tal e como certifica o secretario municipal, existindo, polo tanto, dispoñibilidade de aquel e non sendo necesaria a realización de ningunha expropiación nin a solicitude de ningunha cesión.

A citada adquisición financiarase integramente pola Deputación Provincial de Lugo. Ámbalas dúas Administracións obríganse a realizar os trámites xurídico-administrativos que resulten necesarios para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial das actuacións obxecto do convenio.

O ámbito territorial de desenvolvemento da actuación que é obxecto do presente convenio é a Provincia de Lugo, concretamente, o termo municipal de A Pobra do Brollón.

Terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes.

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

1) Financiamento dos gastos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 20.511,92 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.

2) No caso de producirse baixas na licitación ou de que os custos de realización da adquisición resulten inferiores aos inicialmente previstos, a Deputación de Lugo terá a facultade de reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude do Concello de A Pobra do Brollón, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

B. Do Concello de A Pobra do Brollón.

1) Poñer a disposición o inmovible no que se van a colocar os bens obxecto da subministración.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	146/182





- 2) Obter os permisos e autorizacións que resulten preceptivos, de ser o caso, para a realización do investimento, incluíndo o seu aseguramento.
- 3) Licitar a subministración con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.
- 4) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta realización do investimento.
- 5) Realizar o investimento relacionado con obxecto do convenio na data límite do 30 de setembro de 2024.
- 6) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
- 7) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados cos investimentos obxecto deste convenio.
- 8) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.

1. Achegas.

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 20.511,92 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023, para que o Concello de A Pobra do Brollón poida afrontar os gastos mencionados na cláusula primeira.

B. Do Concello de A Pobra do Brollón.

O Concello de A Pobra do Brollón achegará a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta realización do investimento.

2. Titularidade dos resultados.

O Concello de A Pobra do Brollón será titular do resultado da cooperación: adquisición de equipamento deportivo para o polideportivo municipal, coa obriga de dedicalo ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Quinta.- Xustificación da achega económica.

Unha vez realizada a adquisición prevista e contemplada neste convenio e, en todo caso, como máximo o 31 de outubro de 2024, o representante do Concello de A Pobra

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	147/182



do Brollón presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria das actuacións realizadas.

Relación clasificada de gastos polo custo total da adquisición obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Acta de recepción da subministración, expedida polo facultativo designado polo Concello de A Pobra do Brollón ou, nos casos en que a intervención da comprobación material do investimento non sexa preceptiva, certificación, expedida polo xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar a adquisición, na que se exprese terse feito cargo do material adquirido, especificándoo co detalle necesario para a súa identificación, e que a subministración foi feita con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con ela, foran previamente establecidas.

Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario municipal:

Indicativa do custo total do investimento realizado e dos importes do financiamento.

Acreditativa de que a relación dos gastos do investimento atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.

Indicativa de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Fotografías do investimento realizado no marco deste convenio.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de A Pobra do Brollón:

Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración do mesmo investimento previsto neste convenio.

Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Na que se faga constar que o investimento realizado foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	148/182





tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na realización da adquisición obxecto deste convenio.

Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Duración do convenio.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas nel asumidos.

A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Sétima.- Modificación do convenio.

A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante addenda ao mesmo, poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Oitava.- Extinción do convenio e os seus efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

O convenio entenderase cumprido cando o seu obxecto se realizara nos termos nel previstos e a satisfacción das partes, de acordo coas súas respectivas competencias, tendo en conta, consonte ao artigo 52.2 da LRXSP, as seguintes regras:

a) Se da liquidación resultara que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fora inferior aos fondos que a mesma recibira do resto das partes do convenio para financiar dita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes dende que se aprobara a liquidación.

Transcorrido o prazo máximo dun mes, mencionado no parágrafo anterior, sen que se producira o reintegro, deberase aboar a ditas partes, tamén no prazo dun mes a contar dende ese momento, o xuro de demora aplicable ao citado reintegro, que será

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	149/182	

en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico-financeira do sector público.

b) Se fora superior, o resto das partes do convenio, no prazo dun mes dende a aprobación da liquidación, deberá aboar á parte de que se trate a diferenza que corresponda a cada unha delas, co límite máximo das cantidades que cada unha das partes se comprometera a achegar en virtude do convenio. En ningún caso as partes do convenio terán dereito a esixir ao resto contía algunha que supere os citados límites máximos.

Son causas de resolución, consonte ao artigo 51.2 da LRXSP:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.

(...).

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en outras leis.

O cumprimento e a resolución do convenio darán lugar á súa liquidación, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución, efectuarase por resolución da Presidencia da Deputación de Lugo.

Novena.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f) da LRXSP, para o bo desenvolvemento da actuación obxecto deste convenio, e para o seu seguimento, vixilancia e control, establecerase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades, que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto daquel. Ostentará a condición de presidente da comisión de seguimento quen o sexa do ente provincial.

Os membros da comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán, así mesmo, asistir á comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

a) Velar polo cumprimento deste convenio.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	150/182





- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes que aludan ou informen da actuación, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), o Concello de A Pobra do Brollón incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalos. A Deputación, pola súa banda, incorporará os que lle facilite aquel.

Ademais, consonte ao artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo (publicada no BOP nº 212, do 14 de setembro de 2016), o Concello de A Pobra do Brollón deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ámbalas Administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir, polos medios ou canles que consideren axeitados, a adquisición que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo primeira.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e, consonte ao artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta non lle é de aplicación, pois, segundo aquel:

Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico-pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico- privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	151/182



A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cómprense as condicións fixadas ao efecto polo apartado 1 deste artigo 6 (letras a, b e c) xa que as entidades intervinientes non teñen vocación de mercado, o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...).

b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).

Así mesmo, nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, nos que as Administracións intervinientes ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, segundo o disposto no artigo 2.4.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Polo tanto, este convenio de natureza administrativa rexeráse pola LRBRL e pola LRXSP, así como polas restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

Décimo segunda.- Protección de datos.

As partes comprométese a cumprir as previsións contidas na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/79, do 27 de abril de 2016, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e calquera outra normativa que poida substituír, modificar ou complementar á mencionada en materia de protección de datos de carácter persoal durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal que obteñan as partes para o desenvolvemento e aplicación do convenio serán tratados e utilizados de conformidade coa normativa vixente.

En particular, as partes comprométese a respectar o deber de confidencialidade e as limitacións, no seu caso, marcadas pola normativa de aplicación, sobre calquera información á que se teña acceso na realización das actuacións obxecto deste

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	152/182





convenio, salvo aquela información que deba ser pública segundo o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O tratamento dos datos do presente convenio queda sometido á normativa anteriormente citada.

As partes comprométense a resolver, de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Noutro caso, será competente para entender dos litixios que puidesen xurdir a Xurisdición Contencioso – Administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 9 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe.”

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 20.511,92 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, a favor do Concello de A Pobra do Brollón, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Oitavo.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención excepcional a outorgar pola Excm. Deputación Provincial de Lugo ao Motopark Lugo co obxecto de colaborar na actividade: “Campionato de España de motocross”, ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao Motopark Lugo para sufragar os gastos derivados da actividade: “Campionato de España de Motocross”, durante a anualidade 2023, polo importe de 70.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	153/182



1. Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.
2. Existencia de convenio canalizador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte.
3. Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.
4. Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
5. Informe do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2023.
6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2023 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 12.1 que leva por título “Deportes” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2023 – 2025 aprobada por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 20 de xaneiro de 2023.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 70.000,00 €, a favor da entidade Motopark Lugo para sufragar gastos derivados da actuación “Campionato de España de Motocross”, anualidade 2023, subvención incluída na liña 12.1c que leva por título "Deportes" da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	154/182





2º.- Que se aprobe o gasto de 70.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, a favor da entidade Motopark Lugo, para sufragar gastos derivados da actuación “Campionato de España de Motocross”, anualidade 2023.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.

Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Motopark Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Campionato de España de Motocross” na anualidade 2023.

Interveñen.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P27000001 e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e, no seu nome, don Efrén Castro Caloto, en virtude da resolución presidencial de data 14 de xullo de 2023.

E doutra parte, Miguel Angel Vázquez Pena con DNI ***3049**, na súa condición de Presidente, actúa en nome e representación da entidade Motopark Lugo, en adiante beneficiario, con NIF G27495316 e con sede social en Rua Mondoñedo num 32 planta 1 puerta D, 27001 Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.

Primeiro: Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (dentro da Liña 12.1 da Área funcional de Deportes e dos obxectivos específicos; 1) Promover e fomentar a participación das entidades deportivas da provincia nas distintas competicións das súas respectivas disciplinas e modalidades; 2) Promover a organización de

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	155/182



actividades e eventos deportivos; 12) Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia; 15) Axudar as entidades deportivas que desenvolvan a participación en competicións regulares oficiais; 19) Axudar as entidades que organicen eventos ou actividades deportivas, prevese a concesión de subvencións directas de carácter excepcionais por parte da Deputación Provincial relacionadas co deporte.

Segundo: Que por acordo da Xunta de Goberno, de data de de, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 70.000,00 €, a favor do beneficiario, Motopark Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación Campionato de España de Motocross, na anualidade do 2023.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 70.000,00 €, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.

Cuarto: O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Motopark Lugo para financiar os gastos derivados da execución da actuación Campionato de

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	156/182





España de Motocross, na anualidade 2023. Esta actuación consiste na celebración do Campionato de España de Motocross en febreiro de 2023.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 162.740,00 €.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 70.000,00 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.

A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Do Beneficiario:

Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	157/182



Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.

Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.

Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.

Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.

Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

Que o contrato se celebre por escrito.

Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	158/182





2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.

4) Que estean vinculadas co beneficiario.

5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.

b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campamentos, etc.), incluídas nesta subvención.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	159/182



Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2024.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2023.

Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	160/182





O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (Os Anexos están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.

Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Anexo III. Declaración conxunta.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	161/182



sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	162/182





A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen IVE- en obras).

Bases e acta/certificación de celebración do resultado/acordo

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar o a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	163/182



- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisén.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.
- Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	164/182





Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	165/182



EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRCIÓN
SECTOR ECONÓMICO	93.1	Actividades Deportivas
FINALIDADE	18	Outras actuacións de carácter económico
IMPACTO DE XÉNERO	3	Positivo
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega dineraria sen contrapresentación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das citadas actuacións, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterá a súa vixencia ata a aprobación

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	166/182





da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenios

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	167/182



Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cláusulas adicionais.

Primeira.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50 % sobre o importe total subvencionado, é dicir, 35.000,00 €, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente. A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00 €, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.
2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	168/182





de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Noveno.- Proposta de aprobación, se procede, da resolución do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para cooperar na “Mellora do vial municipal Carballín a Bustelo” ano 2023 por incorrer en causa de resolución -acordo unánime das partes-.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“En relación ao asunto de referencia (EXP:2023/PES_03/026171) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe :

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 26 de maio de 2023, acordou por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora do vial municipal

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	169/182



Carballín a Bustelo” ano 2023 por importe total de 95.111,37 € e ao gasto por importe de de 90.355,80 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do 2023.

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora do vial municipal Carballín a Bustelo” ano 2023 formalizouse o 26 de maio de 2023.

Terceiro: O representante do concello de Negueira de Muñiz remitiu, o 4 de decembro de 2023, escrito no que literalmente se recolle o seguinte:

“Comunicamos, por la presente, la renuncia al convenio interadministrativo de cooperación que este Ayuntamiento suscribió con la Excm. Diputación provincial de Lugo para la ejecución de la obra denominada “Mejora del vial municipal Carballín a Bustelo”; el cual fue aprobado a la sazón por acuerdo de la Junta de gobierno de la Diputación provincial el pasado 26 de mayo de 2023”.

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira: Na cláusula Sétima.- Extinción e efectos- do convenio de referencia establece literalmente que:

“O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP)”.

Segunda: No artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP dispónse expresamente o seguinte:

“1. Os convenios se extinguen polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vivencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4		Página	170/182	



c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

(...)

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis".

Terceira: O órgano competente para aprobar a extinción do convenio é a Xunta de Goberno por ser o órgano que aprobou o texto do convenio e o gasto correspondente.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto informase favorablemente a extinción do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na "Mellora do vial municipal Carballín a Bustelo" ano 2023 por incorrer en causa de resolución -acordo unánime das partes-, non quedando obrigas por parte das partes asinantes aos efectos da liquidación do convenio."

Polo anteriormente exposto propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a extinción do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na "Mellora do vial municipal Carballín a Bustelo" ano 2023 por incorrer en causa de resolución -acordo unánime das partes-, non quedando obrigas por parte das partes asinantes aos efectos da liquidación do convenio. "

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ESTIMACIÓN PARCIAL DAS ALEGACIONES DO RECURSO DE REPOSICIÓN AO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL" DO P.K. 106+500 AO 107+887. POL-CASTROVERDE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	171/182



“O 24/11/2023, con nº de rexistro de entrada 2023RT017999, Dona Alicia Seijas Eiras, actuando no seu propio nome como sucesora de Don José Seijas Domínguez e en interese dos herdeiros de Don José Seijas Domínguez, presentou un recurso potestativo de reposición, contra os seguintes actos:

(i) aprobación definitiva do “Proxecto de construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 “Cinturón comarcal” do P.K. 106+500 ao 107+887. Pol-Castroverde”, aprobado pola Xunta de Goberno do 07/10/2022; e (ii) aprobación definitiva do Anexo de expropiación do citado proxecto por acordo da Xunta de Goberno do 20/10/2023.

Ante isto, manifestase o seguinte:

1.- Con relación á aprobación definitiva do proxecto de construción:

O artigo 21.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia afirma textualmente o seguinte: “O trámite de información pública en materia de estradas levarase a cabo durante un prazo mínimo de trinta días hábiles”.

O artigo 49.4 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia e que desenvolve o artigo 21 da citada lei, di textualmente:

“(…)en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme, (…)”.

Ao non estar contidas en ningunha das clasificacións anteriores as obras contempladas no “Proxecto de construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 “Cinturón comarcal” do P.K. 106+500 ao 107+887. Pol-Castroverde”, terán a clasificación de nova estrada, polo que procede a exposición ao público de novo do citado proxecto por un prazo de trinta días hábiles.

2.- Con relación á aprobación definitiva do anexo de expropiacións e continuación do expediente polo trámite de urxencia:

Ao volver a expoñerse ao público o referido proxecto, trae como consecuencia a aprobación e nova exposición ao público do anexo de expropiacións, de acordo co sinalado no artigo 28 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Por todo o que antecede, propónse á Xunta de Goberno:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	172/182





Estimar as alegacións expostas por Dona Alicia Seijas Eiras no recurso potestativo de reposición do 24/11/2023, no referido á exposición ao público, tanto do proxecto técnico como do anexo de expropiacións das obras citadas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023 E DA MODIFICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de maio de 2023, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria, modelos de solicitude e de conta xustificativa, para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023, recollido na liña 8.1c do vixente Plan Estratéxico de Subvencións (2023-2025)

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente por un importe de trescentos mil euros (300.000 euros) con cargo a aplicación orzamentaria 4590.789.

Terceiro.- Que se proceda á convocatoria na forma regulamentariamente prevista coa súa publicación na Base Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede Electrónica.

Bases publicadas no BOP de Lugo nº 107 do 11 de maio de 2023.

Segundo.- Por resolución presidencial, de data 19 de xullo de 2023 aprobouse a composición da Comisión de Avaliación.

Tercero.- A comisión de Avaliación reunida o día 21 de xullo de 2023, acordou a realización dun contrato de servizos para a avaliación das 92 solicitudes admitidas. Así como nomear ao enxeñeiro técnico agrícola do servizo de cooperación e proxectos como responsable da supervisión dos referidos traballos.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	173/182



Cuarto.- Tramitouse un gasto menor para a avaliación de solicitudes para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios, para o ano 2023.

Quinto.- O representante de Abante Arquitectura S. L.P, remitiu o 24 de novembro de 2023 o informe de avaliación onde se recolle o desglose e a correspondente motivación das puntuacións totais das entidades solicitantes (en base aos criterios de valoración e puntuación que constan na base 10 das bases da convocatoria).

Sexto.- A comisión de Avaliación, reunida o un de decembro de 2023, tralo estudo e análises do informe emitido pola empresa Abante Arquitectura S.L.P., así como o informe emitido polo enxeñeiro técnico agrícola do Servizo de Cooperación e Proxectos, responsable da supervisión dos referidos traballos, acordou por unanimidade dos integrantes da mesma, facer como propios os informes de avaliación de data 24 de novembro de 2023.

Septimo.- Os resultados da devandita baremación recóllense no Anexo I deste informe.

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira.- Na base 9 -avaliación das solicitudes- da convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023 establécese que:

"A área de Cooperación e Asistencia aos Concellos será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes.

Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Interventora e a Secretaria Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	174/182





Revisados os expedientes e completados de ser o caso remitíranse á Comisión de Valoración para que esta proceda a súa avaliación e informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

Esta xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e a eficiencia na asignación da utilización dos recursos públicos".

Segunda.- Os criterios de valoración e puntuación das solicitudes veñen expresamente recollidos na Base 10 das bases da convocatoria.

Terceira.- Así mesmo, na Base 12 Acordos de Resolución e Notificacións - Acordo de resolución provisional: da convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023 dispónse que:

"O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

O acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións. Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións o acordo de resolución provisional

terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos"

Cuarta.- No artigo 5 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións (de carácter básico) recóllese expresamente que:

"1. As subvencións se rexerán, nos termos establecidos no artigo 3, por esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se aplicarán as normas de dereito privado. (...)"

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	175/182



Quinta.- Vista a proximidade da finalización do prazo de execución, sen que as mesmas estean resoltas definitivamente, procede a modificación das Bases da Convocatoria para o Desenvolvemento do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023.

Os gastos subvencionables, ao abeiro da referida convocatoria, deberían executarse entre o 15 de maio de 2023 e o 31 de decembro de 2023, debendo o beneficiario achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, como data límite o 29 de febreiro de 2024. Segundo a base 7. Gastos subvencionables, apartado 3) Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación destas bases sempre que as bases estean vixentes, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Considerando que a finalidade das referidas subvencións é mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar a participación veciñal e a cohesión social contribuíndo a satisfacer as necesidades e aspiracións de la veciñanza, axudando a fixar poboación no medio rural, cumprindo desta maneira coa competencia que o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, reconece ás Deputacións de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincial.

Por todo o exposto, e tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, propónse que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a proposta de resolución provisional motivada á Xunta de Goberno segundo as especificacións que constan na listaxe anexa á acta da Comisión de avaliación de data 1 de decembro de 2023, onde se expresan os solicitantes para os que se propoñen a concesión de subvencións e a súa contía así como a desestimación do resto de solicitudes, en base aos criterios de valoración e puntuación que contan na Base 10 das bases da convocatoria. O importe total das subvencións concedidas ascende a 297.440,81 €.

2º.- A publicación do acordo de resolución provisional no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de alegacións, contados a partir do día seguinte da respectiva publicación no BOP, coa indicación que de non presentarse alegacións o acordo de resolución pasará a ter carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	176/182





3º.- Modificar, debido a demora no procedemento de concesión das subvencións por causas alleas aos solicitantes, a base 7 e a base 13 da convocatoria, as cales quedarían redactadas no seguinte senso:

Modificar a base 7. Gastos subvencionables.

Onde di:

“2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 15 de maio de 2023 ao 31 de decembro de 2023).

Debe dicir:

“2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 15 de maio de 2023 ao 15 de abril de 2024).

Modificar a base 13. Xustificación e aboamento das subvencións.

Onde di:

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 29 de febreiro de 2024, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

Debe dicir:

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 15 de xuño de 2024, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2022/050, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	177/182



“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularan alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/050, correspondente á Agrupación de Veciños de Dodrín, as obras de “Construcción depósito Agua Potable”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- José Fernández Rodríguez con nº NIF ***0354**, sendo o representante da Agrupación Veciños de Dodrín, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 21 de abril de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de abril de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de José Fernández Rodríguez con nº NIF 33303541R, sendo o representante da Agrupación de Veciños de Dodrín (A Pontenova), tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/050, destinada ás obras de “Construcción depósito Agua Potable” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2022/078, OUTORGADA

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	178/182





DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/078, correspondente á CMVMC de Vilela, as obras de “Acondicionamento Deposito de Auga Comunidade Montes de Vilela”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- A CMVMC de Vilela, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 21 de abril de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de abril de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da CMVMC de Vilela (Folgozo do Courel), tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/078, destinada ás obras de “Acondicionamento Deposito de Auga Comunidade Montes de Vilela” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	179/182



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2022/148, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia cos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularsen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/148, correspondente á CMVMC de Vilar, as obras de “Construcción Depósito de Auga Comunitario”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.985,00 €.

Terceiro.- A CMVMC de Vilar, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 21 de abril de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de abril de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da CMVMC de Vilar (Folgosos do Courel), tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/148,

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	180/182





destinada ás obras de “Construcción Depósito de Auga Comunitario” por un importe de 5.985,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE AUTORIZACIÓN DE APLICACIÓN DE REMANENTES.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Estimación, se procede, da solicitude presentada polo representante do Concello de Ribadeo para a autorización da aplicación dos fondos que superaron os importes das adxudicacións na execución doutras actuacións, coa mesma finalidade, no marco dos convenios interadministrativos para a realización conxunta das obras de “Renovación do pavimento da rúa Luz Pozo Garza e dunha marxe da rúa Virxe do Camiño” e de “Acondicionamento e renovación da rúa Casa do Pobo”

O representante do Concello de Ribadeo presentou no Rexistro Xeral desta entidade, o 15 de novembro de 2023, solicitude de autorización para a aplicación dos remanentes producidos no marco dos convenios de referencia, acompañando a solicitude cos proxectos definitivos que rexeron as obras constituíntes do obxecto de aqueles.

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, á vista da documentación que integra o expediente, emitíuse informe favorable á súa estimación.

Asemade, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, informouse favorablemente a autorización para que o Concello de Ribadeo puidera aplicar os remanentes producidos na execución doutra actuación que tivera a mesma finalidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe do 29 de novembro de 2023.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	181/182



Estimar a solicitude presentada polo representante do Concello de Ribadeo e autorizar a aplicación dos fondos que superaron os importes das adxudicacións na execución doutras actuacións, coa mesma finalidade, no marco dos convenios interadministrativos para a realización conxunta das obras de “Renovación do pavimento da rúa Luz Pozo Garza e dunha marxe da rúa Virxe do Camiño” e de “Acondicionamento e renovación da rúa Casa do Pobo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.-COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Fecha y Hora	13/12/2023 14:45:35	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WQDRODAN7LKUKS4HRIZX6G4	Página	182/182	